Public Maio 30

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ANO XII • 12 DE OUTUBRO • 1989 — Nº 403 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA.

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

MÁIS DE 13.000 POSTOS DE TRABALLO DIRECTOS E 100.000 INDUCIDOS PODERIAN PERDERSE

TODOS CONTRA A PESCA

Unha senténcia negativa do Tribunal de Xustiza da CEE, a debilidade negociadora do Governo Central, os recortes de licéncias en todo o mundo e o esgotamento do caladeiro de Namíbia enfrenta ao sector pesqueiro coa situación máis crítica da sua existéncia.

ANXO IGLÉSIAS

Os investimentos falan castellano en Portugal

O investimento estrangeiro aplicado directamente em Portugal tinha atingido, desde o transacto Janeiro até ao passado Julho, mais de 150 mil milhoes de pesetas. Desse total, observado e conferido, 63% é proveniente da CEE, 14% dos E.U.A., 10% da E.F.T.A. e o restante do Japão. No caso espanhol os seus investimentos têm sido orientados para o comércio e actividades industriais vocacionadas para a exploração de recursos **(Páx. 15)**

A memória de Galiza através da postal

Os carteis e as postais vellas foron nos últimos anos obxecto de grande predileción nos circuitos do coleccionismo e son tamén apresentados en exposicións retrospectivas que obteñen un importante éxito de público. Estas fotografias acartonadas e homoxéneas conlevaron igualmente unha importante democratización e popularización e con elas chegou un colecionismo desaforado das suas máis sinaladas séries. **(Páx. 20 e 21)**

Hebe Bonafini: 'As nais de Maio non perdoamos aos militares'

Desde hai case trece anos centos de mulleres cun pano branco na cabeza xiran e xiran todos os xoves arredor da Praza de Maio, ao pé mesmo da Casa Rosada, sé do Governo arxentino. Reivindican a memória das vítimas do xenocídio que se desatou en Abril do 1976. Hebe de Bonafini, presidente das Nais da Praza de Maio, testifica a loita incesante do povo arxentino para que o "Nunca máis" sexa máis do que un lema.
(Páx. 16 e 17)

Eleicións: unha campaña que rematará nas autonómicas

O adianto dos comícios estatais deulle a estes unha dimensión diferente na Galiza pois funcionarán ademáis como unhas *eleicións primárias*, con repercusión segura na inclinación do eleitorado na consulta autonómica. Este aspecto vaise facer máis patente e decisivo na puxa de partidos ideolóxicamente próximos e dos que compiten por un eleitorado situado no mesmo arco social.
(6 páxinas)

Máis de 13.000 postos de traballo directos e 100.000 inducidos poderian perderse

Na hora da reconversión pesqueira

G. LUCA DE TENA

O Governo central, a CEE e os paises que governan as reservas pesqueiras do mundo parecen conxurados contra as frotas conxeladora e de frescos. Sobre máis de cen mil postos de traballo dependentes do seitor planea a ameaza da reconversión.

XURXO S. LOBATO/ARQUIVO

Os descansos cíclicos que impón o tratado de pesca da CEE con Marrocos no banco sahariano, o esgotamento e sobrepesca de caladeiros tradicionais como o de Namíbia, a sobrepreciación do das Malvinas, a nacionalización paulatina das tripulacións nas empresas mixtas, o encarecemento das licéncias en todo o mundo e as importacións masivas de pesca sen aplicación posíbel da *cláusula de salvagarda* comunitária, están a producir unha crise de alcance histórico para a frota conxeladora. Disparos cruzados desde os caladeiros, os cambios de nacionalidade das dotacións e as condicións de mercado poñen en perigo o traballo das tripulacións dos barcos de longa distancia, conxeladores e bacalloeiros sen que a Administracion pareza ter conta da gravedade do problema.

DEMASIADAS COINCIDÉNCIAS

Poucas veces veces se terá dado unha coincidéncia de circunstáncias tan gravemente adversas para a pesca galega como a que a que estamos a viver desde o mes de Abril. Nestas mesmas páxinas chamabamos a atención por aquelas datas (ANT número 382), do perigo que encerraba para case seis mil postos de traballo e cinco mil millóns anuais de volume comercial, a aplicación abusiva por parte do Reino Unido da *Merchant Shipping Act*, ou Lei da Mariña Mercante, que obrigaba aos arrastreiros galegos con bandeira británica a amarrar, á espera da senténcia do Tribunal de Xustiza da CEE.

O pronunciamento hai unhas horas desta senténcia confirma que o governo Thatcher tiña ben razón en confiar tanto na forza da dilación como recurso político, apoiada na lentitude da Xustiza que inexorábelmente vai perxudicar ao máis débil, como na ineficácia da representación do Estado perante a CEE, e en particular do comisário de Asuntos Pesqueiros, Manuel Marin.

Esta senténcia chega, por otra parte, nun momento crítico para a frota conxeladora. Os modernos sonares de pesca de barcos de todo o mundo, procuran na beiramar de Namibia as rebuscas do que fora durante anos un farturento caladeiro. A República de Suláfrica executou con exactitude cronométrica o preceito imperialista de non descolonizar sen antes ter estragado previamente as fontes de riqueza dos que van receber a independéncia.

Este momento derradeiro das costas de Namíbia afecta direitamente á frota conxeladora galega. A alternativa das Malvinas, frústrase tamén, no espácio de tempo aludido. O governo colonial británico encarece até a irrendabilidade as licéncias pesqueiras das illas do Atlántico Sul mentres argalla trampas legais en Londres para que a frota galega de fresco non poda pescar no Gran Sol espécies que só o mercado estatal consume. No entanto, o governo de González e o Monarca aseguran que nunca en máis próxima amizade que nesta hora feliz ondeara a bandeira vermella e marela de par da *Union Jack*.

Esta doble crise xúntase perigosamente co *descanso biolóxico* concertado entre a CEE e Marrocos para o banco do Sahara. Mais non é que os caladeiros estean has últimas. Paises coma Xapón pescan en todo o mundo porque negocian ben as suas licéncias, desde posicións sólidas e con clara vontade politica. No nome da pesca da Galiza, a nosa actividade económica capital, unha das columnas da nosa preséncia no mundo, negócian Madrid e Bruxelas. Aumentan dun dia para outro, no entanto, as importacións de produtos pesqueiros desde paises que proiben faenar aos barcos galegos. O Estado aplica a este valor negociador a mesma escala de subordinación que ten administrado a outros intereses galegos.

A Galiza poderia esixir da CEE axudas por amarre forzado da frota. Pero unha reclamación deste xénero non produciria máis que risas en Bruxelas porque é ben sabido que a Galiza está a construir barcos pesqueiros en claro desafio á recomendación comunitária de reducir a frota e en inoráncia dun compromiso asinado. Precisamente foi González Laxe, cando era diretor xeral de Ordenación Pesqueira do Governo Central, quen asinou o real decreto de 17 de Nadal de 1985 *Sobre Reconstrucción y Modernización de la Flota Pesquera*, o famoso *Decreto Lázaro* que permitiu millonárias operacións con cadáveres de barcos e agora estorba a defensa da pesca galega perante a CEE. Pero é que tamén foi Gonzalez Laxe o padriño da operación de abandeiramente dos arrastreiros ao fresco no Reino Unido, agora condenados á morte con todas as da lei.

Demasiadas coincidéncias para tan poucos meses, un mesmo sector fundamental e unha personalidade tan insignificante. Demasiadas coincidéncias e negativas todas. □

A NOSA TERRA

Máis de trece mil postos de traballo directos e até cen mil inducidos poderian perderse como consecuéncia desta regulación de feito dos conxeladores. No entanto, a senténcia do tribunal de Xustiza da CEE confirma o amarre de 97 barcos de fresco de empresas mixtas galego-británicas.

As amortizacions de postos de traballo dos mariñeiros que pescan en Namibia e Malvinas comezou a finais do verán. Baixan as capturas na costa Sud-occidental africana, primeiro visitada polos pesqueiros galegos hai máis de vinte anos. Tanto pola calidade e valor do que ali se pesca, como pola cantidade e tonelaxe dos barcos que ali traballan, os caladeiros do Atlántico sud-oriental son os da meirande importáncia para a frota conxeladora galega. A poliiica de novas construcións que o actual presi-

'O ACORDO ASINADO ENTRE A CEE E NORUEGA PARA OS CALADEIROS DE MAR DE BARENT NON RESPONDE ÁS NECESIDADES DA FROTA CONXELADORA'

'A POLITICA DE NOVAS CONSTRUCIÓNS QUE LAXE ASINARA IMPIDE CONSEGUIR AXUDAS DA CEE POR AMARRE DA FROTA'

dente da Xunta González Laxe asinara sendo *Director General de Ordenación Pesquera* do Governo Central, através do decreto de 17 de Nadal de 1985 e Real Decreto de 17 de Nadal de 1985 *Sobre Reconversión y Modernizacion de la Flota Pesquera* (o que nos médios pesqueiros se coñece co nome de *decreto Lázaro*), provocou un incremento importante do esforzo pesqueiro sobre esta zona de pesca. Tantos barcos para unhas augas tan esquilmadas incitou aos armadores galegos a levar a cabo campañas experimentais de pesca en áreas do Atlántico Sul e da Antártida. A posibilidade de conseguir axudas por amarre de frota, que os armadores poderian solicitar á CEE, é remota pola situación política que provocou co seu decreto o ex-director de *Ordenación Pesquera* xa que a construcción de novos pesqueiros ia flagrantemente contra o compromiso de redución de frota. Bruxelas non pode xustificar subvencións para paliar as consecuéncias de incumprimentos dalguns acordos.

O recorte das Malvinas

Até o primeiro de Febreiro de 1987, o caladeiro das Malvinas foi de livre aceso para as frotas de calqueira país. Cara a estas augas levaron os armadores galegos os barcos que baixaran espectacularmente a sua produción nas costas de África Sul-occidental e a importáncia da nova zona de pesca acreceu anualmente, sobre todo polas capturas de calamar e pota. Pero na data citada, o governo colonial de Londres impuxo unha regulación e limitación do exercício da pesca nas augas das illas. O encarecemento subseguinte das licéncias produciu unha forte restricción. No primeiro semestre de 1987 abandonaron aquiles caladeiros a metade dos barcos. No ano 1988 a frota encara unha reducción aínda máis grave de licencias na zona.

O recorte drástico desta nova zona de pesca coa que a frota conxeladora galega trataba de paliar a caida das capturas nas augas de Namibia, ten caracteres máis graves porque acae no momento en que saen dos estaleiros novas unidades encargadas para faenar naqueles caladeiros. Os custes de operación nun caladeiro que dista 11.000 millas náuticas (cáse 21.000 quilómetros) das costas galegas, sitúanse en límites non rendáveis. Os prêcios e as dificuldades disuaden aos armadores. Con todo, por fóra de 200 millas da *Zona de Conservación Pesqueira Malvina*, a frota conxeladora consigue capturas importantes de cefalópodos. "Pero compréndase —indican os armadores—, que este caladeiro cobraria un interese maior para a frota e chegaria a ter unha máis grande importáncia se por parte das administracións española e comunitária se limitaran con máis rigor as importacións masivas de pota conxelada que durante os últimos anos chegan de países terceiros como Polónia, URSS, Bulgária, Taiwan, Corea, Arxentina etc".

'O RETRASO NA EXECUCIÓN DA *CLÁUSULA DE SALVAGARDA* SUPUXO UNHA CAIDA DOS PRÉCIOS NO MERCADO'

Escasa presión da CEE

Outra mar na que cada vez pescan menos galegos é a do Atlántico Noroeste, no caladeiro situado por fóra das 200 millas de Canadá e reguladas pola comisión internacional da NAFO. Foron grandes os perxuícios que a frota bacalloeira recebeu de impoñer a proibición de pesca na área do *Flemish Cap*, nomeada nos documentos de regulación como *Area 3M*. Tampouco responde ás necesidades da frota conxeladora o acordo asinado entre a CEE e Noruega para os caladeiros da Mar de Barent e as illas de Svalbard. Os armadores reclaman a Bruxelas unha modidficación do TAC (total de capturas permitidas), para Svalbard. Tamén apresentou reiteradamente as suas queixas polo que considera escasa presión da CEE, perante os Estados Unidos por conseguir un tratamento acorde cos compromisos adquiridos nos acordos bilaterais e que a administración nordeamericana incumpre. Este proceder levou a várias asociacións de armadores a plantexar un recursos legal contra da Administración dos EE UU. Hai tempo que os barcos galegos non faenan direitamente no caladeiro de Boston nen na zona económica exclusiva do Canadá, país co que desde moi atrás non se chega a acordo sobre licéncias de pesca.

'QUEIXAS DOS ARMADORES POLO QUE SE CONSIDERA ESCASA PRESIÓN DA CEE PERANTE OS ESTADOS UNIDOS'

Outra frota condenada

Despois de seis meses de amarre forzoso o tribunal de Xustiza da CEE ven de ditar senténcia sobre a legalidade da *Merchant Shipping Act*, ou Lei da Mariña Mercante Británica, que discriminaba a 85 barcos galegos e 12 vascos con pabellón británico do

Pescan menos galegos

Desde o momento mesmo en que os paises ribeireños decidiron ampliar as suas augas a 200 millas, comezou a busca de caladeiros de pesca mediante acordos bilaterais. Os paises con reservas pesqueiras procuraban realizar o máximo benefício sobre a sua recén recoñecida riqueza. É asi como se estabelecen as contrapartidas económicas por faenar ou se crian empresas mixtas. Paises sen tradición pesqueira deitan os alicerces dunha nova indústria na que dispoñer de novo emprego e obter unha produción que despois pode ser vendida naqueles paises nos que o consumo de peixe é tradicional, como o noso. En xeral, a debilidade política e económica do Estado español queda de manifesto á hora de negociar caladeiros con terceiros paises.

Con este proceso iniciase unha profunda reconversión do emprego na pesca. A redución dos caladeiros significa un recorte de postos de traballo, cando non un cámbio de nacionalidade. Esta nova circunstáncia revela á opinión pública en que condicións está a traballar a mariñeiria de altura. Cando os barcos galegos comezan a faenar no Bnco Sahariano, os mariñeiros estaban aínda incluidos na ordenanza de Arrastre ao fresco. A reivindicación de que se recoñeza como conxelado é fundamental para que se lle apliquen aos tranballadores os mesmos coeficientes redutores polos que se lles mediran os anos de traballo precisos para se retirar. Forzados a considerar xubilacións anticipadas pola reconversión encuberta da frota ("non se pesca menos; pescan menos galegos") descobren que non van percibir o que lles corresponderia como traballadores de barcos conxeladores.

A crise dos caladeiros é como un revelador que manifesta os perfiles da vida dos traballadores nos barcos. Cando non hai onde pescar, os salários desprovistos de maquias, quiñóns e porcentaxes por capturas, aparecen en toda a sua cativeza e irregularidade.

O Sindicato Galego do Traballadores do Mar chegou a un acordo cos sindicatos estatais UGT e CCOO para elaborar un calendário de accións en relaciómn coa sitaución da frota conxeladora. O obxectivo sindical e impoñer un convénio que regule as condicóns de traballo e que debe ser obxectivo prioritário das distintas actividades como atuneiros, merluceiros, poteiros, peixe espada e marisqueiros. O convénio regularia un salário garantido, as cotizacións á seguridade social, o control das vendas, as vacacións, as pagas extras, os descansos e os suplementos por condicións especiais de traballo. □

XURXO S. LOBATO/ARQUIVO

'A REDUCIÓN DOS CALADEIROS SIGNIFICA UN RECORTE DE POSTOS DE TRABALLO'

Os armadores, da imprevisión política ao protecionismo

acceso aos caladeiros do Gran Sol. Unha interpretación restritiva permitiria faenar a un só barco, mentres o resto dos armadores queda á vontade do que o Governo Británico quera resolver sobre as solicitudes de residéncia e domicílio no Reino Unido que preceptivamente terán de solicitar. O Governo español apuntárase un clamoroso fracaso o 9 de Abril deste ano ao convocar o Consello Comunitário de Pesca na Toxa (Ver ANT nº 382). Despois de tirar importáncia ao amarre dos barcos galegos práticamente expropiados polo Reino Unido, Dinamarca, Alemánia e Holanda despedíronse dun luxoso fin de semana na Toxa cunha declaración de apoio á postura británica.

Para a frota do Gran Sol, a senténcia do Tribunal de Xustícia equival a unha confirmación do amarre decretado hai seis meses que xa leva costado por barco perto de 1.500.000 millóns de pesetas. Mentres os avogados dos armadores foi criticada a neglixéncia do Comisário de Asuntos Pesqueiros, Manuel Marin, que non incluira na reclamación ao Tribunal de Luxemburgo a derogación da norma que estabelece a condición de residéncia. O PNG-PG fixo público un comunicado no que se denunciaba a falla dunha atitude firme por parte do señor Marin. □

A perda de caladeiros e a discutida intermediación administrativa do Mercado COmun perante terceiros paises ten cambiado en 180 degraos a atitude liebral e librecambista dos armadores galegos por outra radicalmente proteccionista. Brillantes iniciativas de explotación de novos caladeiros de grande riqueza, como os do Sahara ou Suláfrica, estabelecianse compromisos envolventes cos governos que mantiñan o control dos caladeiros. Este é o caso da excelenete relación dos armadores co governo racista de Pretoria ou con Hassan II e a nula previsión de que nun prazo médio o governo poderia ser do Congreso Nacional Africano ou da República Arabe Saharahui Democrática.

ANXO IGLÉSIAS

A pescada de importación compite coa que pescan os nosos barcos. A *Clásula de Salvagarda* da CEE que protexe a produción própria, demostrou ser lenta e inoperante.

Na actual crise dos caladeiros, os armadores consideraron o amarre dos conxeladores á vista da degradación alarmante do caladeiro de Namibia, onde as capturas de pescada son xa história. Despois dunha análise da situación, acordaron non abandonar o caladeiro sen antes mostrar en cifras e resultados a administración central e a Bruxelas o alcance da crise. A gravidade do agotamento biolóxico do caladeiro pódese asi volver en arma de negociación.

No entanto, a Organización de Produtores de Buques Conxeladores de Merlúcidos, Cefalópodos e Espécies Várias (OPPC-3), que engloba o 75 por cento dos armadores de conxeladores da CEE, ten denunciado que nen Madrid ne Bruxelas están a respeitar a normativa reguladora do mercado de conxelados. A OPPC-3 estuda a oportunidade de presentar denúncia por estas irregularidades perante o Tribunal de Luxemburgo.

No *Regulamento Base de Mercados* e o Tratado de Adesión á CEE contemplanse mecanismos reguladores das importacións que poidan coutar o desenvolvemento da *Politica Comun de Pesca*. O artigo 21 establece que as importacións de calamar conxelado poderán igualarse cando menos ao précio de referéncia a médio da aplicación dunha *Cláusula de Salvagarda*. A OPPC-3 solicitou por duas veces a imposición desta cláusula o 11 de Marzo de 1987 e o 21 de Febreiro pasado. O retraso na execusión deste mecanismo a resposta da primeira solicitude supuxo unha caida dos précios no Mmercado estatal o que provocou aumento da reserva de cefalópodos conxelados. Os próprios importadores solicitaron do FROM a proibición de importacións. Na segunda ocasión a aplicación cláusula ainda non se produciu. No entanto, as importacións eleváronse a 8.507 toneladas entre Xaneiro e Maio (un 30 por cento máis que no mesmo periodo do ano anterior) a précios moi por baixo do de referéncia.

Tamén se puxeron da manifesto anomalias na fixación de restriccións para a pescada conxelada. Segundo a OPPC-3, os continxentes de importaciónaprobados pola Dirección Xeral de Comércio Exterior non son os mesmos que as médias de ijmportacióndos tres últimos anos. No canto de soster a produción própria de pescada, que experimenta unha baixa constante de précios desde 1986, están a favorecerse importacións que aumentan non só en cantidade senon tamén en précios cada ano□

A LITERATURA XUVENIL EN GALEGO XA ESTÁ NO CUMIO



DA TERRA Á LÚA
Jules Verne



O PIRATA KERNOK
Eugéne Sue

UNHA BOLSA DE CANICAS
Joseph Joffo



CHARLIE E A FÁBRICA DE CHOCOLATE
Roald Dahl

IMOS DAR MOITO QUE LER



ARTUSA
Lois Diéguez



CHARLIE E O GRANDE ASCENSOR DE CRISTAL
Roald Dahl



OUTRA VOLTA Á TORNIQUETA
Henry James



A VENUS DE ILLE
Prosper Mérimée

edicións do cumio
Tlf. (986) 70 93 40

A VENDA XA NAS LIBRERIAS

DISTRIBUIDOR:
DISTRIBUCIÓNS ARNOIA
Ramalleira
(C./ de Bértola)
Tlef. (986) 70 93 40
36140 VILABOA
(Pontevedra)

GALIZA E MUNDO

■ Os espácios eleitorais en TV (Páx. 6) ■ Entrevistas aos cabezas de lista (Páx. 7-8-9 e 10) ■ Barreiro e CG coas mans libres (Páx. 11) ■ Impulso á normalización lingüística no ensino e na xustiza (Páx. 14)

ELEICIÓNS AO PARLAMENTO DO ESTADO

Unha campaña eleitoral continuada

O adianto dos comícios estatais deulle unha dimensión diferente na Galiza pois, certamente, funcionarán, ademáis, como unha espécie de *eleicións primárias*, con repercusión segura na inclinación do eleitorado na consulta autonómica. Aspecto que se vai facer máis patente e decisivo na puxa de partidos ideolóxicamente próximos e dos que compiten por un eleitorado situado no mesmo arco social. Estes feitos, unido á tendéncia que ten o povo galego de *castigar* aos partidos autóctonos nas eleicións xerais, e ao traballo destes por romper esa tendéncia, marca a campaña eleitoral que comezou esta semán e que ten como ponto de confrontación básica aos meios de comunicación públicos, con polémica incluida. Os partidos galegos loitarán por conseguir representación en Madrid, ollando non só a importáncia capital do feito en si, senón tamén para poder apresentarse logo como alternativa ao centralismo das formacións estatais. Plantexan a campaña a "caza" do *voto útil* dun eleitorado presumibelmente xa canso de que Galiza esteña sen representación en Madrid. Velaí a importáncia que lle dan aos inquéritos que agoiran deputados. As formacións estatais tampouco poden ser esta vez alleas ao *feito galego*, pois, a uns dias vista terán que pór a carauta de galeguistas para concorrer á confrontación autonómica. Ainda asi, PSOE e AP pretenden plantexar unha *loita entre dous* na que se xogarian a "primacia na Galiza", ollando, ademáis, cara Raxoi. CDS e Esquerda Unida son duas escepcións nesa concepción *casi-galega* que teñen que adoitar esta vez os partidos estatais. Polo demais esta campaña será semellante a outras anteriores, cada vez máis á *americana*, con cuneros, absentistas e candidatos que recorren agora cinco veces máis quilómetros que en toda a lexislatura. Os bancos coa concesión de cretos, o control dos meios públicos e a falta de transparéncia na financiación partidária, xa deseñaron con anterioridade a campaña, repartindo médios. Nestas páxinas queremos dar unha visión que trascenda ao meramente propagandístico da própria en si.

AP, PSOE e CDS, tres modos diferentes de facer propaganda

O poderio económico non impide as *pífias* publicitárias

■ **M. VEIGA**

Os conservadores son os máis inovadores no tocante a candidatos. Unha nova imaxe, a de Aznar, trata de facerse un sítio nas pupilas dos eleitores. A propaganda da direita, coma ocorre habitualmente atopa sérios problemas para construir o seu discurso eleitoral, máis alá do eslogan.

Amén de solicitar máis pensións, milloras na meiciña, na vivenda e no emprego —fortemente inconcretas e demagóxicas por non ter o poder— o Partido Popular encóntrase, mesmo nunha primeira ollada, con contradicións patentes. Solicítase unha redución da presión fiscal e afírmase que "todos pagaremos menos se todos pagan o que deben", pero se se pide que todos paguen o que deben quer dicer que alguns non o fan, ou sexa que pagan menos do que lles corresponde, o cal deberia conducir a afirmar que: se alguns pagasen o que deben, os demais pagariamos menos, mensaxe que, obviamente, contradise co sector do eleitorado que sostén a esta forza conservadora. É racionalmente imposíbel conxeniar unha redución dos impostos —como pretende o PP, que beneficiaria a unha élite potentada— co interese da maioria a quen se dirixe a mensaxe eleitoral. Esta contradición entre as clases altas —suxeto por excelléncia dos intereses do PP— e a arela de obter un voto masivo de todos os sectores sociais, obrigou sempre á direita á pirueta argumental nos seus razonamentos eleitorais.

O centralismo atopa o seu paradigma na propaganda do CDS

Quizá ten sido un acerto por parte do CDS, e a sua axéncia de publicidade, o alonxarse do lema impreciso e centrar a sua mensaxe en reivindicacións concretísimas e certamente populistas. O famoso eslogan solicitando a mili de tres meses foi criticado, pero está a ser imitado. A *pífia* veu desta volta coa reivindicación de alugeres a 40 mil pesetas. A mensaxe válida para Madrid ou Barcelona queda ridícula no resto do estado. O centralismo xogoulle unha das piores e máis visíbeis pasadas, precisamente naquelo que máis se cuida: a propaganda eleitoral.



'OS DADOS OFERECIDOS NUN FOLLETO DE PROPAGANDA SOCIALISTA MOSTRAN UN DESCENSO ECONOMICO A PARTIR DO ANO 87'

Por se fose pouco hai que ver a que sectores sociais se dirixe o CDS, pensemos que o salário mínimo é de 46 mil pesetas. Dous elementos ben ilustrativos dos referentes polos que se rexe esta forza. E iso en periodo de prometer.

O PSOE ou o risco de dar a coñecer as estadísticas

O PSOE non se encontra cos mesmos problemas, á hora de escreber a sua propaganda, que os conservadores. O seu discurso é coerente e constrúese baixo presupostos esquerdistas, independentemente de que a realidade sexa ben diferente e a resultas diso a sua publicidade alcance elevadísimas cotas de hipocresia.

Cadros extraidos dun folleto eleitoral do PSOE. A frecha indica o descenso económico iniciado no 1987. Abaixo publicidade eleitoral do PP.

A macroeconomia foi unha paixón dos socialistas. A propaganda, pedagoxicamente veiculizada através dos telediários, centrouse desde 1982 en facer valer a lei *científica e irrebatíbel* dos números. Amén de que as cifras poden ollarse desde moitos ángulos e de que haxa cifras que se oferecen e outras que se agachan, ás veces aclaran máis do que deberian.

Un folleto de 28 páxinas difundido por esta forza trata de resumir, da maneira máis asequíbel, alguns dos dados económicos que evidenciarian a "etapa de progreso que España está a vivir". A base desta argumentación céntrase na progresión económica surxida, a nível xeral, a partir de 1985 e tras a reconversión industrial. O problema surxe co descenso e a nova crise que se inicia en 1987 e ten un claro exponente en 1988, tal como recollen os próprios gráficos utilizados neste folleto de propaganda eleitoral.

Vemos asi como, no cadro 1, correspondente ao crecimento económico, a "recuperación" québrase a partir de 1987 e o último escalón, o correspondente ao ano 88, é máis baixo que os anteriores. No cadro 2 (crecimento económico: España e a CEE), o estado español ten un declive a partir de 1987, á par que a Comunidade europea continua nun lene ascenso.

A mesma leitura se deduce do cadro 6 (criación de emprego), cunha notábel baixada no ano 88, a respeito do anterior. E o mesmo cando se compara este factor co resto da comunidade (cadro 7). Tamén a evolución dos investimentos se ve reducida no ano 88 (cadro 13) se ven a criación de empresas ten un ascenso continuado (cadro 12).

Por último a evolución do consumo privado (cadro 18) descende no periodo 87-88. En conxunto as táboas proporcionadas polo Partido Socialista deixan patente o novo relanzamento da crise que comezou no 87 e que provocou hai escasas semanas a posta en marcha dun paquete de medidas guvernamentais de redución do consumo. En todo caso tal leitura non é a realizada nos textos que acompañan e a evidéncia dos cadros trata de ser mergullada nun conxunto optimista de *progreso*. □

ELEICIÓNS AO PARLAMENTO DO ESTADO

Vários acontecimentos propiciarán a aparición de González nos informativos

A liberdade de voto condicionada pola TV

■ TERESA TODA

Moitos recursos e moitos esforzos non puideron evitar o inevitábel: que a campaña eleitoral se teña posto en marcha en televisión baixo a férula do PSOE. Difícil é que unha nova decisión da atribulada Xunta Eleitoral Central faga cambiar as cousas nos próximos dias.

Asi pois, o PSOE levará a parte do león dos espácios gratuitos, ademais de toda a cobertura informativa que Solana e Diego Carcedo teñan a ben darlle. Non son tontos, non, estos rapaces do Governo, e programaron unha série de acontecimentos noticiábeis que lles van ter en pantalla máis alá do previsto. Quen será capaz de deslindar na mente do espectador-a a imaxe de Felipe González presidente do Governo en actuación oficial da de Felipe González candidato do PSOE?

Nos próximos dias González vai a Estados Unidos; ven François Miterrand, presidente de Francia, e realízase unha "cumbre" entre ambos paises; reunirase en Madrid a "Trilateral contra a droga" (EEUU, Itália e o Estado español)... e algunha cousiña máis que permitirá o lucimento de ministros e altos cargos socialistas. Non se diga que todo son interpretacións malintencionadas: a visita de Miterrand non "tocaba" até dentro de dous meses. Todo iso é notícia, con cabida á marxe da campaña.

A manipulación informativa (ou o sesgo á hora de dar notícias) é evidente desde hai tempo. O que dá certa raiba é que os partidos maioritários e parlamentários só se decidan a facer algo máis que denuncialo de boquilla cando lles afecta directamente a eles. Porque denúncias de manipulación hai desde hai anos, o que pasa é que veñen de sectores menos poderosos.

E TVE segue sen cortarse nen un pelo. O domingo dia 8 de Outubro dedicaba un considerábel espácio no Telediário das 3 da tarde a leerlle aos teleespectadores o máis sustancioso dunha entrevista publicada con Felipe González no diário catalán "La Vanguardia". Por certo, que o presidente, tan reticente co conxunto da prensa cando esta reclama a sua preséncia para problemas ou asuntos de actualidade, estase prodigando moito nos últimos tempos. Iso si, con xente escollida e non conflitiva.



Con esta costume televisiva de ler as loas ao PSOE que aparecen nos meios de comunicación pode ocorrer o que denúncia o vídeo apresentado por PP, CDS, IU e Convergencia para explicitar exemplos de manipulación. Pode ocorrer que se transmita como reportaxe elaborado por unha revista o que en realidade é publicidade pagada polo Estado español. Pasou no 1986, en plena campaña eleitoral, cun texto aparecido na revista estadounidense "Newsweek".

O vídeo, obviamente, tampouco está limpo de pó e palla, porque a própria selección dos espácios é xa de por si inteiresada, pero é válido e explica claramente o que está pasando. A última parte recolle o "especial informativo" do fin de campaña do 1986. Aí aparecia, precioso, o mítin do PSOE, e trapalleiros de todo os dos demais.

O divertido do caso é que non faltou quen, desde dentro de TVE, teña comentado que diso teñen boa parte de culpa os próprios partidos, porque non coidan a cenografia pensando na televisión, como fai o PSOE...

As reaccións

Os partidos políticos descolgáronse coa denúncia pública e a esixéncia de que se correxise a situación. Botouselles enrriba Alfonso Guerra (que, por certo, aparece estes dias até aborrecer) e bastantes asociacións de xornalistas, PP, CDS, IU e Convergència deron certa marcha atrás, matizando acerca dos profisionais e exculpándoos, pero seguiron adiante contra o Governo.

A Xunta Eleitoral Central, ante quen se apresentaron queixas e recursos, tivo un xesto salomónico que, na práctica, deixa as cousas como estaban. Ordenou a entrega dos inquéritos do CIS a todos os partidos pero permitiu que o reparto de espácios e a cuestión das entrevistas fose dilucidada por Televisión Española. Que, tal como están as cousas naquela *casa*, equival a dicer polo PSOE.

O repartó deixa, efectivamente, fóra ás forzas políticas menores e mete de esguello ás "medianas" como IU, ou CDS. PNV e COnvergència i Unió, principais partidos nacionalistas nas suas camunidades, receben unha certa bonificación ao aparecer para todo o Estado. Algo digno de ter en conta, sobretodo se se pensa que, segundo como vaian as urnas, o PSOE pode precisar o seu apoio para governar.

Desde o partido socialista intentouse engadar ao PP para que aceitase as minutaxes superiores que se lle oferecian e se despegase dos seus sócios denunciantes. O PP resistiu a tentación, pensando a bon seguro nos votos que a sua atitude *digna* lle pode reportar, máxime se se lembra que o tema de TVE ten sido un dos favoritos dos "populares" nos seus ataques ao Governo.

Ista é, moi posibelmente, a derradeira batalla eleitoral en TVE. Para próximas campañas, todos terán que contar coas televisións privadas, que xa estarán emitindo, cada unha na sua "onda" política. Ainda que se manteña a actual normativa, dalgun xeito esa nova aportación terá reflexo en TVE. Agardemos que non sexa dedicar ainda máis espácio ao partido governante. □

A distribución de espácios eleitorais televisivos

A TVG utiliza critérios descoñecidos

■ A.E.

Os critérios que o Consello de Admnistración da Radio Televisión Galega seguiu para adxudicar espácios a cada partido político un espácio nos informativos diários de 10 minutos adicados a información eleitoral, o mesmo que os espácios eleitorais asignados a cada formación, semellan carecer de calquer critério, vista a sua distribución.

PP e PSOE teñen cada un 2 minutos 30 segundos; Coalición Galega, 1 minuto 20 segundos; o CDS 1 minuto; PNG 50 segundos, PSG-EG 30; I.U. 30 e o BNG e outros partidos 20 segundos.

Podemos comprobar que non se priman os deputados no parlamento galego, pero tampouco se fai seguindo os critérios de representación en Madrid, beneficiando claramente aos partidos estatais, que xa teñen o seu cupo na TV española.

Tamén se prima aos partidos que teñen máis deputados deixando as opcións ninoritárias sen posibilidade de expor minimamente os seus programas, sempre menos coñecidos, limitando asi a posibilidade de calquer cámbio.

Evidentemente tal proporcionalidade é criticábel desde calquer ponto de vista nos espácios gratuitos, pero máis ainda nos espácios informativos.

Priman nestes tamén as pautas númericas marcadas desde o poder, é non os critérios informativos, nunhas eleicións que se xogan, cada dia máis, nos meios de comunicación.

Coa concepción de que estes espácios son eleitorais, pode entenderse que o PP na Galiza propuxese que fose o seu gabinete de prensa e propaganda quen realizase a información, e, tamén que uns partidos pidan, e outros impoñan, xornalistas adeptos para que realicen eses espácios; ainda que a medida non é de estranar se ollamos o tratamento que se lle dá a uns e outros.

Os profisionais da TVE levantáronse, con toda a razón, contra dos intentos da oposición de supervisar os espácios eleitorais, a sua protesta debia ir máis alá, pedindo que só primasen os critérios informativos. □

AXENDAS AGA

No '90 non facemos
a primeira axenda galega.

Eso xa o fixemos o ano pasado
abrindo así camiño.
Atrevímonos porque criamos firmemente que era unha necesidade.
A experiencia déuno-la razón.
No '90 é tempo de saltar de novo...

ELEICIÓNS AO PARLAMENTO DO ESTADO

Os partidos nacionalistas definen a sua estratéxia

M. VEIGA-A. EIRÉ

Votar, sobretodo, nacionalista, ainda que non sexa á forza que representan, reforzando asi o voto galego, é o sentir de tres das cinco forzas autóctonas que se presentan a estas eleicións (CG, PNG-PG e BNG). O PSG-EG centra a sua campaña nos aspectos positivos das suas reivindicacións, mentres a FPG mostra, como condición sine-qua-non, o cámbio do marco xurídico-político. As perguntas realizadas a un dos cabezas de lista de cada forza nacionalista trataron de ir máis alá da habitual mensaxe eleitoral, concretándo-se nalguns dos aspectos que mellor definen a actuación de cada partido.

A pantasma dos partidos estatais pesa sobre o eleitorado. O principal obxectivo das forzas nacionalistas será convencer de que para o Parlamento do Estado tamén é util votar forzas autóctonas.

Senén Bernárdez, candidato de CG por Ourense

'No congreso non hai os mesmos intereses entre unhas nacionalidades e outras'

Vostede, que a diferéncia dos demais candidatos ten experiéncia xa de deputado en Madrid, que eco considera que pode conseguir a preséncia no Parlamento do estado?

O papel que podo facer, sen grupo parlamentário como é normal que suceda de momento, é máis de tipo pontoal. Eu centrei algunhas das miñas actuacións nos distintos problemas que tiña Galiza, pero é un papel difícil. O eco é moi difícil, os meios de Madrid teñen unha mentalidade moi centralista, co ar de autosuficiéncia e vente como algo localista. Por outra banda, a TVG que debia estar atenta a estes acontecementos e reivindicacións, non creo que teña un comportamento moi acorde coa sua función. Encóntrase un un pouco aillado. Pero sempre é máis importante ter un diputado dun partido galego que un galego nun partido estatal que moitas veces vota en contra dos intereses de Galiza por disciplina co seu partido. Polo tanto creo que os galegos, ainda que sexa visto dunha maneira pragmática, debian votar un pouquiño máis nacionalismo do que votan.

É cal é o eco na própria Galiza?

Son poucos os meios que teñen ali corresponsais e logo as axéncias son estatais e tampouco poñen moito interese.

De repetir representación que relación terian con outros grupos na cámara?

Independentemente de que haxa unha boa relación entre os nacionalistas, loxicamente cada un defende á sua nacionalidade e entre elas non teñen os mesmos intereses. Non seria lóxico que, por exemplo, un nacionalista galego estivese no grupo dos nacionalistas cataláns. Iso non quer dicer que non se poidera facer unha política de estado desde as posicións nacionalistas, pero para formar grupo parlamentário entendo que non é lóxico.

Que opina do Senado como cámara das autonomias?

A reforma que hai que facer no Senado tiña que ser moi fonda e vexo moi difícil, neste intre, o que o Senado cumpla a sua labor de cámara das autonomias como está previsto. Se non se fai unha reforma profunda creo que é difícil que cumpla a sua función. Na actualidade o Senado ten unha función de cámara de segunda leitura, sen nengun contido autonómico. A única lei que se ve primeiro no Senado é a lei do fondo de compensación interterritorial.

Que asuntos considera prioritários neste momento?

As comunicacións, obviamente, a financiación autonómica —non estou conforme co que se adoptou— e hai intención de reformar a lei do fondo de compensación interterritorial. Logo o proceso autonómico está totalmente paralizado, desde hai anos non se transfire, o Insalud está sen transferir e isto é importantísimo.

A absolución de Barreiro como afectará a CG?

Non creo que sexa un bálsamo miragoso. Pero si era un tema que nos tiña encorsetados, co líder condicionado en gran medida. Agora este liderazgo podera ser marcado moito mellor.

Será Barreiro o candidato á presidéncia da Xunta?

Non está decidido polo partido. Pero penso que haberá unanimidade, porque todo o mundo está de acordo niso.

CG está en condicións de animar a sectores moderados da sociedade, mesmo do empresariado a involucrarse en opcións galegas?

Na Galiza os procesos son lentos, pero camiñan cara aí. Non ten sentido que siga a existir esta direita que hai aqui. Pode haber unha direita, pero non maioritária nunha sociedade moderna e polo tanto Galiza ten que ir por aí. En Cataluña e no País Vasco iso non existe xa, esa direita é residual. Enton un partido moderado e de centro debia acaparar un sector importante da sociedade galega. Dame a impresión de que é un problema de falta de confianza dos galegos en si mesmos, cando isto se consigue é cando se chega a unha política e a unhas forzas próprias. Creo que vai lento pero que ten que chegar. Cada dia detéctase máis interés nese sector do empresariado, o cal non quer dicer que ainda sexa grande. □

Andrés Fariña, candidato do PNG-PG por Lugo

'O máis importante é que se vote a un partido nacionalista'

Que opinión lle merece o Senado como cámara das autonomias e cal é critério do seu partido sobre o federalismo?

A función que está a desempeñar o Senado non é positiva, nen sequer se percibe. Cremos que haberia que artellar un funcionamento tal que aí estiveran representadas todas as autonomias do estado e que desde aí se poidera levar a cabo un control cara ao desenvolvemento dos estatutos de cada unha das autonomias. A respeito do federalismo cremos que se pode e se debe artellar, tendo en conta que o estado das autonomias é un paso cara á descentralización política e administrativa.

Se CG ocupa un espácio de centro, liberal e o PSG-EG o socialdemócrata, definición que

ELEICIÓNS AO PARLAMENTO DO ESTADO

tamén posee o PNG-PG, cal seria o espácio deste último? Non ten difícil a sua colocación?

O espácio polo que se di loitamos o noso partido e CG pode ser quizá idéntico, o que pasa é que partimos da base de que nós temos princípios ideolóxicos. Definímonos socialdemócratas nas cuestións económicas, liberais nas sociais e o noso aval son tamén os comportamentos á hora de facer as cousas e iso é o que nos diferéncia de CG. Se CG quer loitar polo mesmo espácio terá que facelo cos feitos. A única forma de medrar que ten CG é a base de incorporacións de xente como Rivas Fontán ou Quiroga, conversas con Arufe.., nós ese espácio político regalámoslo.

A respeito do PSG-EG pensamos que son eles quen teñen máis problemas ca nós, porque posibelmente lle están a comer pola esquerda moito espácio, grácias ao bon facer do señor Beiras no BNG e nós estamos nun espácio definido.

O conflito das fitas do xogo non foi tamén unha loita por ese espácio que falabamos antes?

Estamos convencidos de que a atitude de Olives foi honesta. A negociación e a especulación que se fixo posteriormente, iso si que non o entendemos, basicamente porque foron unhas fitas que viñeron rebotadas, que un señor ia oferecendo, até que chegaron a mans de Esquerda Galega. O que nos surprendeu é que o obxectivo básico de calquer partido nacionalista é conseguir incrementar o voto nacionalista, pero sexa o partido que sexa, non entendemos como o PSG-EG puido cair neses pactos. Hoxe en dia ainda non nolo explicamos, agás que sexa por medo á situación que poda estar vivindo o próprio partido por dentro, desde o ponto de vista camilista, de líder, e desde o ponto de vista de certas conversas con partidos estatalistas, non hai dúbida de que o decaemento do PC na Galiza foi a expensas de medrar certo partido nacionalista, con concellais en Ferrol e en Vigo que foron cair ai, ao mellor logo tamén é un produto do estado.

Despois das conversas entre grupos nacionalistas, cales serian as propostas do PNG-PG cara unha colaboración

O plantexamento do PNG-PG cara a criación desa plataforma pasaria basicamente por acordos pontoais, reivindicativos — porque é o único que podemos plantexarnos os nacionalistas cara afora—, reivindicativos sobre as comunicacións, a financiación autonómica, reclamación de transferéncias como poden ser no sectore pesqueiro, o gaseoduto, unha revisión do que se está a facer e se fixo sobre a reconversión, actualización dos custos en transferéncias como o Insalud que están a ser deficitários para Galiza, etc. Plantexamentos básicos que calquer partido nacionalista estaria disposto a firmar.

Engadiria algo máis sobre estas eleicións?

É importante que as novas xeracións se desvinculen dos compromisos que tiñan as anteriores, da política como pago de favor, do voto caciqueado e se dean conta de que os partidos estatais non solucionaron os nosos problemas e que voten nacionalista, se é a nós mellor, pero sobretodo que voten nacionalista. □

Mariano Abalo, candidato da FPG por Pontevedra

'Denunciamos a manipulación que está a levar o PSOE'

A FPG ten escasas posibilidades de obter algun diputado, cales son logo os seus obxectivos?

O obxectivo, nese sentido é moi claro. Nós o que tratamos é de combatir, máis unha vez, o sistema capitalista e imperialista español e paralelamente relanzar a nosa opción política que pretende recuperar un espácio en favor do independentismo galego. Nós concretamos isto, neste momento, na esixéncia do cámbio de marco xurídico-político, que pasaria por recoñecer o direito a autodeterminación. Por outra parte, é importante popularizar a organización, a FPG, e o programa que apresentamos que recolle as aspiracións históricas do povo galego por ser un povo ceibe.

Vostedes apoiaron na anterior campaña ao parlamento europeo ás listas de HB. De que maneira afectará isto e, por outra parte, como valora o feito de ser a primeira vez que se apresentan a unhas eleicións como tal forza política?

Póñense ao descuberto as acusacións que se nos fixeron de sucursalismo. Nós se apoiamos a HB, nas eleicións ao parlamento europeu, era porque se trataba da única opción con posibilidades reais de obter uns resultados que ian favorecer a loita polos direitos dos povos no conxunto do estado e, en segundo lugar, porque ao mesmo tempo esta forza se comprometia a defender un programa de autodeterminación que benefícia a todos os povos e como a nosa loita, aparte de galega e internacionalista, non hai dúbida de que foi unha eleición conscente e positiva. A nosa homologación con HB favorece un proceso de unidade de combate frente ao estado español e, ao mesmo tempo, dalle credibilidade política á FPG que se sinte orgullosa de ter relacións con aqueles povos que combaten ao estado español.

Pensan dar preponderáncia ao número de votos conseguidos ou centran a campaña nos seus obxectivos propagandísticos?

Non cabe dúbida nengunha de que imos primar o carácter propagandístico e de combate que ten este proceso eleitoral, desenmascarar a política do PSOE, nós pedimos abertamente ás clases traballadores que non voten ao PSOE porque é a expresión máxima dos intereses do gran capital e do imperialismo. Non renunciamos, ao mesmo tempo, a acadar o maior respaldo posíbel, ainda sendo conscentes de que, polas limitacións que teñen este tipo de procesos e as limitacións que ten a nosa própria forza política, ese respaldo non vai ser notório, pero cualitativamente si vai ser un factor importante.

Que supón a división no independentismo que trouxo consigo a aparición da APU?

Toda división no nacionalismo é negativa. En todo caso non é este suceso concreto o que máis nos preocupa. O que nos parece especialmente delicado son as crises e as escisións constantes dentro do nacionalismo. Non hai dúbida de que hai un desgaste moi sério nos últimos anos que é como para valorar e ser conscentes de que hai que empezar a pensar nun proceso de unidade. Agora, a unidade sempre ten que ter unha coeréncia interna, senón non vai a ningures. Que a todos lle queda claro que nós non imos traicionar o noso programa e estaremos con todos aqueles que esteñan pola labor. Non sendo asi criticaremos a aqueles que abandonen a loita pola independéncia e o socialismo.

Destacaria algo máis, dentro do actual proceso eleitoral?

Si, a manipulación informativa brutal que está a levar a cabo o PSOE e as operacións represivas, noemadamente contra o povo basco. Aproveitaremos nese sentido a oportunidade para solicitar a amnistia para os presos galegos e para todos os presos do estado español. □

SUSCRÉBASE A
A NOSA TERRA
PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

(Para remitir a A Nosa Terra unha vez cuberto en MAIÚSCULAS)

NOME .....
APELIDOS .....
ENDEREZO .....
TELÉFONO .....
POVOACIÓN .....

Suscrébome ao periódico A Nosa Terra por un ano/semestre, ao précio de:
Galiza/Estado/Portugal ..... 4.500 pta./ano. 2.300/semestre
Europa 6.200
América e resto do mundo 8.000

a) Subscricións para o Estado español.
☐ Talón bancário adxunto.
☐ Reembolso (máis de 130 pta.)

b) Para o resto do mundo.
☐ Cheque bancário adxunto.
☐ Xiro Internacional a nome de A Nosa Terra. Apartado 1371 - Vigo.

PAGO DOMICILIADO,
NESTE CASO COBRIR OS DADOS DO BOLETÍN ADXUNTO.

BANCO / CAIXA DE AFORROS .....
CONTA / LIBRETA .....
TITULAR CONTA OU LIBRETA .....
NÚMERO DA SUCURSAL .....
POVOACIÓN .....
PROVINCIA .....

Sérvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lles sexan apresentados por Promocións Culturais Galegas S.A. (A Nosa Terra).

DATA ATENTAMENTE (ASINATURA)

A información que paga a pena ter.

ELEICIÓNS AO PARLAMENTO DO ESTADO

Francisco Trigo, candidato do BNG pola província de Pontevedra

'O BNG non fala de unión de partidos, senón de alternativas de todos os galegos en defensa do país'

Tras o debate sobre a concurrência conxunta de várias forzas nacionalistas ás eleicións, a preséncia en solitário como pode afectar?

Creo que este non é un problema de sumas, de coalición a dous ou do que se sacaba indo máis. Eu non centro aí o problema, senón na discusión política de se o BNG vai só e por que. Se imos sós é porque hai forzas que non están por defender ante todo a Galiza, senón que están por defender o seu proxecto partidário e, contrariamente aos demais, antepoñen os intereses do partido aos do próprio pais. O BNG non fala logo de unión de partidos, senón de alternativas de todos os galegos en defensa de Galiza.

Como cre que poden afectar os resultados destas eleicións ao *proxecto comun* ou á unidade nacionalista e as próximas eleicións?

O Proxecto Comun é Galiza, non é a unión dos partidos. Estas eleicións creo que van ser o primeiro test. Se o nacionalismo consegue que a sua mensaxe calle dentro da xente e obtén bons resultados, creo que posteriormente se producirá un medre do voto nacionalista nas autonómicas. Coido que o BNG vai ter un bon resultado nestas e mesmo que vai ser un reflexo do que virá despois, dentro da tendéncia ascendente. Primárias ou non, seguiremos a ser o que somos: a primeira forza política galega e nese sentido penso que podemos obter representación antes que outros.

Como se plantexa a financiación unha forza sen poder económico como o BNG?

O BNG financiase através do peto dos seus militantes, asi de claro. Fai unha campaña modesta que se multiplica no senso de que a xente traballa na campaña, aforra moitos cartos en función do traballo persoal. Se se cuantificara en cartos o traballo dos militantes, seria moi forte.

Que opina do Senado como cámara das autonomias e que opinión lle merece o federalismo?

O BNG ten o estado federal como obxectivo estratéxico. A respeito destas eleicións pensamos que o Senado non pode seguer sendo como ate agora, senón que deberia constituirse nunha cámara das nacións. Se un partido nacionalista non leva iso no seu programa estaria alimentando por pasiva e por activa o nacionalismo español. Estariamos a apoiar un estado autonómico. Unha cámara das nacións é un primeiro paso para un estado federal. E estaremos dispostos a pactar con calquera forza que apoie esta proposta. Creo ademais que iste é un intre oportuno, en contra do que din os do PSOE de que a Constitución é a palabra de Deus.

Un posíbel diputado en solitário en Madrid non corre o perigo de pasar desapercibido ou de facer testemuñalismo como fora o caso de Sagaseta?

Hai tipos de testemuñalismo. Un testemuñalismo nacionalista galego no parlamento español plantexado polo BNG seria unha contradición para o estado. Se obtemos representación non imos estar ali como CG, estariamos doutro xeito máis agresivo. Tendo en conta o salto que significaria e dado que como nacionalistas pretendemos ter eco na nosa nación, ese eco iase producir. Isto non van ser unhas cortes constituintes, pero si en que haxa unhas forzas que están discutindo a reforma continuamente. O avance e a repercusión na Galiza serian moi fortes. Compre ter en conta que temos unha representación institucional pequena pero si estamos moi presentes na base social. Nesa situación, cun parlamentário non pasarian por alto determinadas cuestións do Mercado Comun, etc. É evidente que se houbese un parlamentário galego no parlamento do estado co tema das comunicacións serviria para mobilizarse moito máis.

Como ve o BNG a posibilidade de rachar a tendéncia a votar partidos estatais nas eleicións ao parlamento español?

Pretendemos levar á xente a idea de que se un galego vale para estar nun concello ou no parlamento galego, un galego ten que servir para todo e non que no parlamento do estado nos teñan que representar os de fora. Por aí vai o noso eslogan de *Galiza sen límites*, coa idea de eliminar calquer caste de reserva mental. Galiza non ten límites á hora de ter representación. Galiza ten que se representar por si.

Por outrá parte quero insistir en que o BNG é a única forza que representa a Galiza por riba dos intereses partidários. Non somos un produto de consumo, nen estamos por unións que se esfarelen aos seis meses. Queremos traballar, cos pes na terra, en propostas concretas para todos os galegos.

AXENDAS AGA

NO '90 O TEMPO MARCA GALEGO.

Porque para cubri-las necesidades de todos, AGA PRODUCCIÓNS, Edita:

AXENDA SEMANA VISTA

170 páx., 62 de información. 12 páxinas a toda cor co mapa de estradas. Fita marcadora. Nova encadernación resistente e agradable, reforzada con esquineiros metálicos. Tres cores a escoller nas capas.

AXENDA DÍA A DÍA

372 páx. coas informacións precisas. Deseño cómodo e moderno. Na páxina, recordatorio de citas e gran cantidade de espacio para anotacións. 12 páxinas co mapa de estradas a toda cor. Fita marcadora. Mesma encadernación ca axenda semana a vista.

AXENDA DE PETO

112 páxinas. Diversas informacións. Formato cómodo para levar consigo en calquera momento. Amplio caderniño de teléfonos. Fita marcadora. Estrutura de doble semana á vista.

BLOQUE DE MESA

Especialmente dirixida a empresas e institucións. Coas informacións habituais, especialmente a fiscal. Unha distribución agradable e efectiva. Gran superficie útil para anotacións. Impreso a dúas tintas. Estudiado separador-marcador de follas.

INTERNACIONAL 1990

Axenda de luxo, encadernada en pel e cun gravado de M. Facal a toda acuberta. Formato cadrado 250 mm. de lado), impresa a dúas tintas. Tódalas informacións en oito idiomas distintos (incluíndo os da península). Preséntase en caixa de cartón ríxida, e un gravado asinado e numerado por M. Facal. A axenda galega que se vai vender en tódolos países de Europa.

VARIOS PRODUCTOS MÁIS

Tales como almanaques, calendarios... que conxuntamente con todo o anterior conforman a nosa proposta no ano '90 para o mundo das axendas e calendarios.

AGA PRODUCCIÓNS

CONTACTOS OU INFORMACIÓNS:
AGA PRODUCIÓNS.
Rúa María 89-2º.
Tel. (981) 35 04 75
FERROL

ELEICIÓNS AO PARLAMENTO DO ESTADO

Rafael Martínez, candidato do PSG-EG pola Coruña

'Non existe unha relación causa-efecto entre as celulosas e os incéndios'

En que medida o resultado desta eleicións pode influir no das vindeiras autonómicas?

En principio constátase unha diferéncia notábel no comportamento do eleitorado dunha eleicións ás outras. A campaña e as eleicións son diferentes. Neste caso o feito de que o PSOE interferise no proceso galego, antepoñendo as eleicións xerais, condiciona a todos os efectos as segundas, sobretodo na medida en que pode afectar nun maior índice de abstención, criando unha sensación de fastio.

O resultado destas eleicións poderia influir na política de alianzas do PSG-EG, tendo en conta que teñen unha posición definida, por unha banda a respeito de CG e PNG e, por outra en contra de ir co BNG a unhas autonómicas?

A nosa política de alianzas dificilmente se vai alterar, unha política que priviléxia avanzar cara unha maior importáncia da esquerda democrática e nacionalista. Esa política non é eleitoralista, nen vai depender de resultados eleitorais.

Seguen a manifestar logo a sua negativa a concorrer ás autonómicas co BNG?

Nestes momentos está plenamente decidido que imos sos ás eleicións autonómicas. Resulta absolutamente improbabel calquer outra posibilidade.

Será un impedimento a non preséncia de Camilo Nogueira como candidato nestas eleicións ao parlamento do estado?

Camilo obviamente é a persoa máis destacada e o seu gancho eleitoral é superior ao de calquer outrao candidato, en princípio. Camilo é o candidato para a presidéncia da Xunta, non é o candidato para as xerais. Desde ese ponto de vista cando falamos de opción renovadora, decímolo porque as listas compóñense basicamente de nomes que non son habituais, contando con persoas que non proveñen sequer das duas opcións que formaron o PSG-EG, senón que son de



nova incorporación.

Segundo a análise do PSG-EG, o problema central de Galiza radica no convencimento dos próprios galegos, máis que "nun enemigo exterior". Cal seria, en base a isto, o papel do PSG-EG no parlamento do Estado?

A preséncia no parlamento do estado significaria que por primeira vez Galiza teria unha preséncia como tal. A partir de aí haberia unha atitude reivindicativa, a prol das posicións que defendan loxicamente os intereses dos galegos e contra aquela política do estado que marxina a Galiza. Seria unha preséncia eficaz xusto na medida en que se corresponda con accións positivas da sociedade e das forzas galegas na própria Galiza.

Referiame a se existe contradición entre a idea de que o "nemigo" está aqui dentro e a preséncia fóra?

Non, cando se di que o problema principal está aqui dentro, estase a dicer que as posibilidades reais para combater a prostración de Galiza témolas nas mans os galegos, dándolle apoio ás nosas forzas políticas.

En relación a un tema de actualidade: os incéndios. Que opina sobre a existéncia dunha espécie de campaña, máis ou menos planificada, cara a plantación de eucaliptos?

Non, nós non cremos na existéncia dunha campaña provinte do exterior que esteña influindo decisivamente. O problema dos incéndios débese explicar nos termos internos da própria Galiza e, en última instáncia, debense apontar ás responsabilidades básicas do governo galego que é quen ten que poñer os médios para controlas os incéndios.

Non acreditan logo en implicacións como as das celulosas. Neste periódico temos publicado informes sobre a participación do grupo Flick e os seus intereses co Partido Socialista e a multinacional da celulosas *Fieldmühle*.

Nós partimos das nosas próprias análises. No noso programa eleitoral incluimos un paquete de medidas de loita contra os incéndios que pasa fundamentalmente por medidas internas que non teñen que ver con nengunha causa exterior. Independentemente de que dentro desa complexidade haxa intereses complicados.

Non encontran logo unha ligazón cos intereses das celulosas?

Hai unha ligazón obxectiva, no sentido de que poda haber intereses. Pero estabelecer unha relación causa-efecto entre as celulosas e os incéndios unicamente parécenos unha simplificación que non explica o problema, nen daria armas para enfrentarse a el. Porque o problema non é atopar explicacións máis ou menos satisfactórias no plano teórico, senón explicacións que permitan actuar con eficácia para impedir realmente que haxa incéndios.

En síntese, cales son os contidos esenciais do PSG-EG para levar ao Parlamento do Estado?

Nos temos duas liñas básicas reivindicativas. A de construir o poder político galego que vai dirixida a unha modificación do estatuto de autonomia, tras o esgotamento das competéncias, na perspectiva de construción dun estado confederal. Cremos na necesidade de aumentar o financiamento autonómico e nun incremento dos investimentos do estado. Estes investimentos deben ir dirixidos fundamentalmente á criación de vias rápidas con Europa antes do 92. En última instáncia todas estas medidas estarian dirixidas á reactivación económica de Galiza que deberia pasar tamén pola criación dunha banca pública galega, a nacionalización da produción eléctrica, a intervención da Xunta nas empresas estatais na Galiza e un plan de industrialización dirixido á criación dun auténtico sector público galego que sexa belixerante na industrialización do país. □

■ **Ostentosidade eleitoralista.** A doce hora do comezo da campaña eleitoral Láxe inauguraba o pasado luns a Casa Consistorial de Cervo acompañado de vários candidatos lugueses ao Congreso e ao Senado que non ostentan cárrego algun na administración autonómica. O axuntamento declarara o dia *non lectivo* nos centros de ensino do concello para facilitar a concorréncia, a meio de transporte gratuito dos escolares ao acto, donde se lles agasallaria cunha camiseta de propaganda. A pretensión suscitou a morna protesta dalgun sector do profesorado, sendo finalmente a Delegación Provincial da Consellaria de Educación quen suspendeu as clases e instou á participación na inauguración dirixindo telegramas aos centros de ensino durante o fin de semana e durante o próprio luns a primeiras horas. As APAs, maiormente mediatizadas polo PSOE, garantiron a preséncia de centos de colexiais na demostración, que apenas contou con preséncia de adultos, En tanto ao son da Marcha Real se izaban a bandeira galega e española xunto a unha extraña enseña municipal con banda diagonal azul sobre fondo verde, o BNG de Cervo distribuia por todo o concello máis de cinco mil octaviñas cun incisivo texto: "onde estaban estas presuntuosas autoridades cando se puxo en xogo a seguridade e o posto de traballo tantos viciños ao traeren eles mesmos para San Cibrán os bidóns tóxicos do *Cason*". No panfleto calificase o proceder do PSOE "do máis xenuino estilo franquista". □

■ ***Operación Retorta.*** O BNG de Viveiro anunciou o comezo dunha campaña de incidéncia nacional reivindicando a adquisición e declaración como parque natural do Souto da Retorta de Chavin. No lugar, en pleno val do Landro, érguese todo un mostrário de espécies arbóreas autóctonas, xunto a uns poucos eucaliptos que quizais sexan dos máis antigos e altos de Europa. O primeiro paso da iniciativa nacionalista será unha recollida de firmas como primeira acción para unha campaña que despois se promoverá. □

GALIZA SEN LÍMITES

ENCARNA OTERO

"Combato eu por unha Galicia de onte?
Son eu da Galicia que para sempre
esvaíuse entre as brétemas do pasado?...
Non xa que eu arelo preludar á miña
existencia un futuro mellor e máis grande".
X.V. Viqueira.

Unha campaña eleitoral é sempre un traballo duro, ingrato, e pouco satisfactório; ainda máis, se as grandes batallas propagandísticas se libran na televisión e teñen como contrincantes, aos grandes partidos de ámbito estatal; máxime cando os votos van a enviar representantes ao Parlamento dun Estado que recoñece a realidade plurinacional como secundária e ao **Nacionalismo** como "un fenómeno a extinguir"; ainda será pior se esta convocatória está feita polo partido maioritário, no Governo; no mellor intre posíbel para perpetuarse el no poder; hai que engadirlle ademais que na nación galega, estase ás portas dunhas eleicións autonómicas; que o povo galego ainda non convertiu o sentimento de ser en razonamento actuante en claves políticas de partidos nacionalistas; escollendo neles os seus representantes, señan parlamentários en Estrasburgo, en Madrid, en Santiago ou traballen a cotio nos Concellos.

Todas estas razóns, sen engadirlle máis, abondarian para explicar por qué o B.N.G., coa máxima coeréncia e respeto polo seu proxecto político, válido, actuante e en auxe neste intre, lanzou e seguirá a lanzar un "proxecto comun" que permitiria que Galiza, por riba de intereses partidários e parciais, acadara voces que traballaran a prol dela nas institucións; se en duas consultas eleitorales non foi posíbel, para o B.N.G. a iniciativa vai permanecer e quizais no madurar dos tempos e das persoas; na andadura do traballo conxunto que o País precisa, as forzas políticas nacionalistas acordarán maiores cuotas de entendimento.

Mentras... os homes e mulleres do B.N.G. seguimos a traballar a prol desa Galiza sen límites que teña voces en todos os Parlamentos que sexa necesário, para falaren, defender, e berrar, se fose preciso, a necesidade de que o proxecto político do nacionalismo único capaz de dar solucións aos problemas é o único voto útil porque ten o aval de que lle serve a Galiza; sen descalificacións para ninguén, pero deixando ben claro que existen enemigos: os partidos estatais contrários aos intereses de Galiza, feito de sobra demostrado, coa sua práctica no Governo.

Neste traballo conxunto, teñen cabida todos os/as bos e xenerosos/as, amigos/as, simpatizantes, compañeiros/as militantes que apostan por esa frente ampla que o B.N.G. representa. Este traballo é a mellor ferramenta coa que pode contar unha organización política hoxe; sen ela non seria posíbel mirar cara o alén con previsións de futuro e menos ter o convencimento dunha realidade firme: a partires do 29 de Outubro Galiza ten posibilidade de ser outra; no parlamento do Estado falarán de novo, tra-lo paréntese dramático dos anos oscuros de silenzo, retomando a voz todavía viva de Castelao e os seus compañeiros, voces xóvenes, rexas, íntegras e sobretodo nacionalistas; serán os parlamentários do B.N.G.:

—Solicitarán maiores cuotas de autogoverno; abrirán o camiño para a fórmula federal, única válida para plasmar a realidade plurinacional do Estado español.

—Defenderán a economia galega nos diversos sectores amenazados: agro, pesca, monte, etc.

—Reclamarán a reindustrialización, as redes de comunicación tan necesárias, o direito ao traballo para homes e mulleres nesta terra, o bó funcionamento dunha rede ampla de servicios púbricos.

—Apostarán pola paz e a neutralidade, estarán en contra do servício militar obrigatório e reclamarán o direito á obxección de conciéncia.

O B.N.G., como primeira forza política galega, asume a responsabilidade que lle compre, neste intre, para conquerir que Galiza teña voz en Madrid. Vai continuar co traballo que, a cotío, desenvolve; intensificando ainda máis a sua dedicación a Galiza nestes dias de campaña. Só precisa de todas as maus xenerosas que se queiran sumar a esta obra colectiva; porque só asi a tarefa terá éxito; ninguén pode deterse no camiño, Galiza precisa do esforzo solidário de todos/as.

'O B.N.G. SEGUE A ENTENDER A GALIZA POR RIBA DOS INTERESES PARTIDÁRIOS E PARCIAIS'

Encarna Otero é membro do Consello Nacional do B.N.G. e candidata ao Senado pola provincia da Coruña.

RECORRIDA POLO FISCAL A SENTÉNCIA

As demais forzas non mudaron posicionamentos anteriores

A senténcia de Barreiro deixa a CG coas mans libres

■ A. EIRÉ

Xosé Luís Barreiro, mália a senténcia absolutória, queda con proceso aberto por decisión da xudicatura corporativista e dos partidos políticos. Uns e outros estan empeñados en que sexan as furnas quen xulguen ao líder *coaga* por máis que o seu ditame vai ser, de todas todas, controvertido e nunca definitivo. O único que, de momento, afirma querer esquecer a senténcia é o implicado máis directamente, o próprio X.L. Barreiro. A decisión do fiscal Couceiro de recorrer deixa en mans do Fiscal Xeral do Estado a última decisión sobre o proceso xudicial

ANXO IGLESIAS

Barreiro de novo poderá lanzar o seu liderazgo.

Hai quen quer situar o *proceso a X.L. Barreiro* no mesmo ponto de Xullo de 1988, mantendo as mesmas valoracións pésie á decisión xudicial. Posicionamento previsíbel, se temos en conta a natureza, política, do mesmo proceso, e os distintos intereses que se movian ao seu carón.

A denúncia realizada pola Xunta de Albor contra o seu ex- vicepresidente, cumpriu o seu primeiro obxectivo: paralisar a operación emprendida por CG.

Manuel Fraga pudo facer o seu desembarco na Galiza onde o agardaba unha formación desmoralizada pero case ao completo, logrando evitar a deserción de moitos dos seus caciques locais e, até, dos xefes de *bandada* comarcal e provincial.

O PSOE, que forzou a demisón do político de Forcarei como vice- presidente do Governo Laxe, lograba facer de CG un *partido bonsai*, imprescindíbel en Raxoi, pero sen capacidade para facerlle sombra enramándose no tecido social.

Pola sua banda o PNG tentaba aproveitarse da conxuntura. O procesamento do líder coaga era unha boa disculpa para disuadir a alguns dos proclives ao entendimento cos da *piña*, ao tempo que puxaban por expandir a organización.

O CDS pescaba no mundo político galego para conseguir alcaldes e concelleiros que o sacasen de ser *un partido cartel*.

Neste intre de tempo (Xullo 88-Outubro 89) o PSG-EG seguia a lanzar a sua tonadilla eleitoral de *única alternativa nacionalista* estirando a sua mensaxe até as extremas do PP, mentres ollaba como un dos partidos pretendidamente sócios do "Proxecto Comun" do BNG (que criticaba o proceso por político) perdia toda capacidade de facer política. X.L. Barreiro non estaba nen sequer en condicións de impor unha candidatura conxunta ás Eleicións Europeas, como defendia.

Non é de estrañar asi que coincidan as valoracións de antes e despois da senténcia, por máis que teñan que recorrer a tautoloxias, ou, no caso do PP, dar unha rousada total, adaptándose ás comenéncias do momento. Non doutra maneira pode calificarse os ataques de Manuel Fraga ao Tribunal Superior da Galiza, cando, precisamente el, sempre alardeou de que a Xustiza era totalmente independente e criticou calquer ataque por mínimo que fose. Pero, evidentemente, algo mudou no entarimado político. Se a senténcia, para alguns, non limpa de sospeita ao ex-vicepresidente, si lle desata unhas mans ateazadas polo proceso xudicial.

Coalición Galega conta dunha vez cun líder capaz de aunar as vontades partidárias pero tamén de comezar a conquista de sectores proclives ao centro-galeguismo, pero incapaces de dar un paso adiante sen albiscar un futuro certo, pois sempre pesou máis neles o pragmatismo imediato que a ideoloxia e a perspectiva de futuro.

Fraga Iribarne pode encontrarse, ao cabo, que, con todos os predicamentos ao seu favor, non acade a maioria absoluta prometida. Seria o comezo do fin do PP na Galiza. Coalición Galega, con X.L. Barreiro á cabeza, estaria en disposición de ocupar, co tempo, a maior parte do seu espácio eleitoral, homologándose asi o mapa eleitoral galego ao das outras nacións peninsulares sen estado.

As críticas corporativistas

Se as críticas realizadas á senténcia polas diversas formacións políticas parecen interesadas, non o semellan menos as que proveñen da própria xudicatura coruñesa.

O ditame dos tres Maxistrados do Tribunal Superior que absolveron ao líder *coaga* deixa malparada á Audiéncia Territorial, que, en Pleno de 17 Maxistrados, decidiu o procesamento do político, polo menos asi o captan certos xuíces.

Sendo como é a xudicatura un estamento altamente corporativista, a parte máis anquilosada, veu a sentáncia como un ataque ao próprio estamento xudicial. As críticas pola inclinación política dos Maxistrados, sono tanto pola sua disconformidade coa senténcia en si, como pola procedéncia de Pablo Saavedra ou Pablo Sande, alleos á cúpula xudicial imperante todos estes anos na Audiéncia coruñesa, e, mesmo, un ataque frontal ao próprio Tribunal Superior.

A sua non asisténcia á leitura da senténcia, a primeira deste Tribunal, patentiza o ánimo con que parte da xudicatura acolleu a criación do máis alto tribunal galego.

O fiscal Couceiro Tovar e os dous Maxistrados que realizaron un voto particular na senténcia son considerados afectos a *a á da Audiéncia* dentro da xudicatura coruñesa.

As suas argumentacións quedaron en mao lugar, con calificativos mesmamente duros ou pouco empregados cando se refugan as teses do Ministério Fiscal.

Por outra banda, as argumentacións dos votos particulares non son capaces de pór en cuestión os princípios da senténcia. Seria de agradecer agora que ilustres xuristas como Meilán Gil (con evidente predicamento no estamento xudicial coruñés) que defendeu veementemente o procesamento de X.L. Barreiro, faga unha crítica da senténcia, antes da sua próxima entrada no PP.

A polémica sobre o fallo estaba servida fose cal fose o veredicto que, tamén se sabia con certeza, non ia facer luz na percepción popular. A chapuzaria da Xunta, de Albor e de Laxe, é un dogma popular; o convencimento de que X.L. Barreiro non era o único culpábel, nen sequer máis que outros moitos políticos; unha créncia arraigada.

Cun público que xa sacou as suas conclusións sen importarlle o final da *obra*, o único que podia mudar era o papel dos diferentes actores. Agora Barreiro será o bon, e os do PP os maos. Asi tentarán representalo no sainete eleitoral. □

■ **Manifestación contra o lume.** A Comisión Xestora para a "Defensa dos Nosos Montes" convocan unha manifestación para o Domingo dia 15 en Compostela baixo a consigna de *Contra o lume.*

Esta comisión xestora está formada por 16 alcaldes, que se organizaron a raiz da convocatória cursada polo edil de Carnota Manuel Brea.

Realizaron un manifesto conxunto en cuxo primeiro ponto aboga pola concentración parcelária das superfícies forestais de carácter público, co fin de mellorar a sua explotación, limpeza e rentabilidade, evitando asi condicións obxectivas que favorecen a propagación do focos de lume.

No resto do manifesto peden a organización de servícios de prevención de carácter comunitário, semellante aos que funcional en Portugal a base de voluntários; a dotación de médios materiais aos concellos, non compartidos coa administración central e autonómica: profesionalizar as equipas humanas de extinción; criación dunha rede de pistas forestais que impida a impermeabilidade que sofren os montes; mobilizar ao Exército sistemáticamente en tarefas de extinción; estabelecer sistemas de comunicación que coordenen aos concellos limítrofes; promover cámbios no Código Penal, de xeito que os incendiários sofran penas máis duras; declarar Galiza zona catastrófica, en base á profusión de siniestros padecidos e, por último, pór en marcha programas de concienciación social en torno aos valores ecolóxicos e económicos dos bosques. □

■ **Sen rastro do "Nautilus".** A indignación aumenta na vila de Laxe polos escasos médios que as distintas administracións poñen para encontrar algun rastro do pesqueiro "Nautilus", desaparecido o pasado fin de semán con cinco homes a bordo.

Os mariñeiros da localidade seguen a teimar en que o barco está á deriva alonxado da costa polo que hai que pór os médios suficientes para atopalo, mentres nos meios oficiais se especula coas causas que levarian ao fundimento do pesqueiro: que se a abordaxe dun mercante, que se un golpe de mar...

Pero o certo é que até agora non hai sinal algunha de que o barco naufragara, polo que os viciños e familiares manteñen non só a esperanza, senón a convincción de que os tripulantes están con vida. □

■ **Caida da produción gandeira.** Entre un 20 e un 30 por cento estima o Sindicato Labrego a caida da produción gandeira por mor da seca que estamos a sofrer. Na produción forraxeira as porcentaxes estarian entre o 30 e o 40 por cento.

Esta situación provoca por un lado unha considerábel baixa de ingresos por venda de productos e, polo outro, unha maior dependéncia dos concentrados e , polo tanto, un maior gasto en alimentación, polo que as xa de por si febles economias galegas vanse ver moi perxudicadas. A todo isto hai que unirlle a dificuldade para abastecerse de forraxes.

Ante esta situación o Sindicato Labrego pédelle a Consellaria de Agricultura que faga unha valoración exaustiva das perdas ocasionadas e unha incentivación adecuada aos labregos. □

DISCOBAR CURUXUNCHO

entremuros, 12 - santiago

rotograf, s.a.

artes gráficas

deseño, composición electrónica,
laboratório, offset,
encadernación

MONUMENTO, 16-B-15960-**RIVEIRA**-TEL. 87 32 01

libraria couceiro

somos coñecidos
na Galiza inteira,
pola nosa
especialización
en libros
galegos
e portugueses

Praza do Libro	República El Salvador, 9
Tel. 26 63 77	Tel. 56 58 12
A CORUÑA	SANTIAGO

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A Catedral de Santiago sen misas en galego. Ou para ser exactos, unha só misa en galego, os sábados ás 6 da tarde, no templo simbólico por excelléncia dos católicos galegos. No horário para toda Compostela pendurado na porta de Platerias — tamén en castellano— inclúese unha misa en galego os domingos ás 12 h. no Castiñeiriño. O resto dos carteis dirixidos a peregrinos están en vários idiomas, agás o do país no que está o próprio templo. □

REINDUSTRIALIZACIÓN FRUSTRADA

A SIV alónxase de Ferrol

A esperanza do vidro rompeuse en pedazos

■ E. SANFIZ/FERROL

Hai xa dous anos que o Governo Central anunciou que unha factoria de vidra da SIV se ia instalar en Fene. Desde aquela as diferentes administracións e a própria empresa italiana non pararon de anunciar repetidamente dito investimento, e incluso cen traballadores excedentes de Astano foron a Itália durante un periodo de tres meses — pagados cunha subvención do Fondo Social Europeo-– para practicar no que ia ser o seu novo emprego.

Incluso os sindicalistas do estaleiro de Perlio viaxaron a Venécia para comprobar "in situ" o funcionamento dunha factoria análoga á que se prometia para a comarca de Ferrol. O próprio presidente da Xunta da Galiza, González Laxe, anunciaba nunha recente escola de verán socialista que a fábrica de vidro sería un dos elementos fundamentais na campaña eleitoral do PSOE en Ferrolterra. A própria administración central amosaba confiada unha carta do ministro de Indústria italiano donde se confirmaba a inversión en Galicia.

O vidro e o fume

Pero en dous dias todo se desfixo como unha nube de fume, e o Consello da Presidéncia e o Consello de Administración do EFIM —o Instituto Nacional de Indústria italiano— anunciou que a factoria fenense non se construiria alegando a escasa consisténcia dos terreos, mentras que cobraban forza os rumores que indicaban que "o vidro" iria finalmente para a localidade valenciana de Sagunto. Xa os sindicatos nacionalistas de Astano (CXGT, INTG) denunciaron hai vários meses a existéncia de presións do presidente da Generalita valenciana Joan Lerma para levarse a água ao seu terreo. Os mencionados dirixentes sindicais indicaban que máis unha vez se repetiría a triste historia de Enfersa (Empresa de fertilizantes ubicada en As Pontes que foi desmantelada e levada para Sagunto para paliar ali os efectos da reconversión siderúrxica).

O alcalde de Fene, Xosé María Rivera, amosábase desperanzado despois da confirmación da SIV de que non realizaría a inversión neste municipio: "Nós sabiamos das características negativas que conlevaba o proxeto italiano pero apesar delas, na situación de grave paro que atravase a comarca, calquera criación de emprego que non conleve grandes riscos contaminantes ten que ser ben recibida. A pesar diso, na mesma "A Nosa Terra" saira publicado un artigo do economista Fernández Leiceaga, no que se denunciaba a parcialidade do proceso productivo —xa que en Fene só se faría a primeira fase da transformación do vidro, de menor rendabilidade— o que nos podería levar a concluir que se trataba dunha "industria de enclave—. A pesar diso, tíñamos que receber ese investimento cos brazos abertos, ainda sabendo que non era a panacea, nen resolvería totalmente o problema do desemprego e da reconversión, pero moito menos se resolverá agora".

O primeiro mandatário fenense atribue toda a culpabilidade do fracaso da SIV ao Governo Central e á Xunta de Galicia: "O governo autónomo non presionou nen se interesou en absoluto, pola sua sumisión crónica a Madrid, e o Governo central demostrou máis unha vez a sua política de "laissez faire", de deixar facer aos capitalistas e ás transnacionais. Así a Sociedade Italiana mui probablemente escolla Sagunto, dado que o triángulo Madrid, Barcelona, Sevilla está sendo favorecido tremendamente polas inversións estatais en infraestrutura, e o capital o que busca é o lugar que lle ofreza maior rendabilidade".

Por iso a General Motors vai para Cartagena, a Ford para Cadioz e a SIV irá para Sagunto, co cal Galiza non só resulta a zona do Estado máis perxudicada pola reconversión naval —recordamos que os outros estaleiros públicos traballan agora a pleno rendimento excepto Astano— senón que tamén a chamada reindustrialización non se ve por nengunha parte".

Xosé María Rivera indica a sua discrepáncia co xeito de realizar a "reindustrialización" na maneira e na distribución: "Estou en desacordo con que se centre un proceso de hipotética recuperaciçon ou relanzamento económico a base de abrirlle as portas ás transnacionais, e non só iso senón que unha vez dentro se lle pon todo en bandexa e non se lle indican nen unhas mínimas condicións que puidesen reequilibrar ás diferentes nacións do Estado. Por iso nós seguiremos demandando que a reindustrialización da comarca ferrolana ten que pivotar sobre dous eixos: a volta da Astano á construcción de buques e a instalación dunha grande empresa pública que contribua a recuperar e diversificar o tecido industrial danado dende 1984."

Contodo os máis directamente perxudicados pola decisión italiana son esos 250 traballadores excedentes de Astano que foran pre-seleccionados para a fábrica de vidro e que contaban cun futuro emprego despois de cinco anos sen traballar e que novamente se ven abocados a un incerto futuro, xa que o próximo 31 de Decembro se verán novamente sen perspectivas laborais e cunha suspensión de contratos agotada. □

FESTAS

San Froilán

Só o Domingo das Mozas mantivo o tono

■ F. ARRIZADO/LUGO

Dixo A. Cunqueiro, mindoniense, onde se fan "As San Lucas", de tanta sona, que o San Froilán era a gran festa agrária da Galiza. A máis bonita das festas. Este ano axudou un tempo, polo dia case de verán, pero fallou a xente. Polo menos no día do Patrón.

Non foi asi o "Domingo das Mozas", que mantivo o tono doutros anos, coa preséncia de excursións da Coruña e Ferrol. Desta cidade veu o Concello coa compaña do Real Coro "Toxo e Froles", coro que amenizou a Misa na honra de Rosalia, no Parque do seu nome, coa tradicional oferenda de produtos do campo; moitos traxes folclóricos. Unha das nenas, así vestidas, sentiuse mal. Non puido aturar, de pé e ao sol, o quilométrico sermón de D. José Ferro, habitual oficiante. Todo misturado cunha algarabia de megafonias de tómbolas, anunciando "outro xamón, outro xamón"... ou o bingo da fortuna.

Pola tarde do Domingo das Mozas co eterno Manolo Escobar. Dixo que mentres o público o aturase... contaba seguir! Sorpresa causóu a presencia, non programada, de Miguel Bosé no Concerto de "La Unión". O líder deste grupo e o Bosé montaron un número de amistade erótica que contrariou ás fans de ambos. "Barón Rojo", na entrevista chamaron a atención dos incéndios na Galiza. E, inda se saberse o resultado do xuicío, dixeron: "Barreiro fuera". Todos os artistas que por aquí pasaron, lamentan o do lume en Galiza e din observar moita pasividade e conformismo fatalista na xente sobre o asunto. Esquecia dicer que a colaboradora deste semanário, Margarita Ledo, deu o Pregón, e tivo acento de "complicidade", nalgún dos párrafos, para a causa feminista. Outro tanto, Carmen Blanco, na sua alocución, o "Domingo das Mozas", na oferenda a Rosalia de Castro. Bastante boa entrada, os dous dias, para ver os Coros e Ballet do Exército Ruso, e houbo quen se saíu despois da primeira parte, decindo: "isto é coma Manolo Escobar, pero en máis caro!" De seguro que foi pola proliferación desas cancións españolas de toda a vida.

Para que non faltara nada, houbo a requisa dun "oso pardo". A presencia deste animal, de especie protexida, fora denunciada por CEDENAT, ao igual que, en anos pasados, o fora por outros colectivos tipo Adelpha etc. quen recordan que, despois de telo prometido por tres anos consecutivos, o alcalde permite ainda a presénca de barracas con este tipo de negócios.

Menos xente, nas noites frescas da Praza de Santa María, para ver os recitáis de músicos de Galiza e representantes doutros folclores peninsulares.

Polo demais, moito traxín político. Aproveitando que o pulpo, ou polbo, segue a ser o "rei pagano" do San Froilán, houbo moitas xuntanzas de partido cos seus simpatizantes e representantes de Médios informativos. Adolfo Abel, ex-Director Xeral de Política Lingüística, que ten unha obra titulada "cousas de Lugo", recordaba o ello dito labrego: "Imos a lugo a comer o pulpo e botar o polvo". Houbo, no Día do Medio Rural, esa xuntanza de máis de cen alcaldes pedáneos do Concello e reuníronse cos seus superiores. En Lugo, últimamente, non arden só os montes. Tamén as palleiras, casas e apeiros dos veciños. Fálase das tradicionais envexas, pero parece moita casualidade. Compriria investigar esta "man negra". Polo demais, en Lugo, o PSOE segue no impase de tres concellais, hoxe no grupo mixto, se decanten claramente. O 15 de Decembro é a data "moderadamente" límite para decidir algo firme sobre o caso. Parece que, esos tres, "non baixan a guárdia". Siguen a forzar de cara ás elecións. Resulta que, como nos decía un concellal, o San Froilán e máis Felipe González viñeron a interferir no proceso do PXOU.

Claro que foi boa ocasión para inaugurar as pistas deportivas, remozadas, na cidade cultural de Lugo, por parte do Conselleiro. Instalacións que seguen sen dar a talla olímpica, pero, polo menos, xa non terán as deficiéncias que, Pucheiro, colaborador deportivo, tiña criticado, hai xa tempo, nas páxinas de A Nosa Terra. □

PARLAMENTO

Para a equiparación salarial dos docentes co resto dos funcionários

Apresentada unha terceira iniciativa lexislativa popular

O 5 de Outubro apresentouse no Parlamento galego a terceira proposición de Lei por iniciativa popular. Pretenden os promotores a equiparación salarial do funcionariado docente co resto dos funcionários da Administración da Xunta da Galiza.

As iniciativas populares na Galiza tiveron un éxito evidente, pésie a que non foron aprobadas. Agora apreséntase unha nova proposición de Lei promovida polos docentes da UTEG-INTG coa que pretenden lograr a equiparación salarial dos docentes coa dos demais funcionários da Xunta con igual titulación, segundo se recolle no artigo primeiro da proposición de Lei.

No artigo segundo contémplase a criación dunha comisión composta polos representantes das Consellarias de Educación, Presidéncia e Economia, que dentro do ámbito das suas competéncias, elaborará no prazo máximo de 30 dias, desde que a lei entre en vigor, un informe que recollerá os custes económicos. Esta comisión contará coa participación de organizacións sindicais.

A proposición de Lei contempla tamén que o Governo galego, á vista do informe elaborado pola comisión, aplicará ao profesorado o salário que corresponda.

O precedente catalán

A proposición de Lei propón unha acción de governo que cae na sua totalidade dentro do ámbito competencial da Comunidade Autónoma Galega. Nun marco competencial semellante, en Catalunya, recoñeceuse o princípio de equiparación salarial dos docentes cos funcionários de igual categoria. Tal acordo foi sometido a referéndun os dias 4 e 5 de Abil de 1988 e asinado pola Mesa Sectorial de Educación da Generalitat.

Os promotores da proposición consideran que o salário do profesorado ten constituido un grave problema profisional historicamente. Como consecuéncia do desfase producido entre os incrementos anuais e o IPC a situación tense agravado nos últimos anos. A aplicación do novo Sistema Retributivo aplicados aos funcionários da Xunta da Galiza, agranda as diferéncias retributivas que xa existen, en perxuício dos docentes.

Os ensinantes consideran que a Administración cando se ten visto na obriga de xustificar publicamente a sua posición nesta matéria, ten recorrido a empregar dados e argumentos confusos, alimentando un estado de opinión que dista moito da realidade cotián en que se move o sector. A base de citar as cifras brutas dos salários, o número de dias lectivos escaso e unha xornada laboral curta, tense alimentado a conciéncia popular de que o profesorado é un estamento claramente privilexiado. □

OBXECCIÓN DE CONCIÉNCIA

XURXO S. LOBATO

Manifestación na Coruña. Os participantes na marcha , que percorreu o centro da cidade, recusaban a lei de obxección vixente asi como o tribunal que debe sancionar a calificación de obxector. Igualmente manifestáronse contra da lei de prestación social substitutória, tanto pola sua duración como pola competéncia que supón de cara a outros traballadores. □

EFECTOS DA CEE

O Parlamento pronúnciase a favor da imediata moratória

Os augardenteiros manifestaranse en Compostela o próximo dia 25

A Coordenadora para a Defensa do Augardente Galego acordou convocar unha manifestación en Compostela para o dia 25 de Outubro ás 12 do mediodia. Pola sua banda o Parlamento aprobou unha Declaración Institucional a favor da imediata moratória da prórroga.

Máis de 3 mil famílias son as que viven direitamente a destilación da augardente, ainda que a proibición da destilación ambulante repercute en miles de viñateiros que teñen na destilación do bagazo unha fonte supletária de ingresos que apontala decisivamente unha economía baseada no viño e sometida a contínuos vaivéns próprios do produto. Alambiqueiros que, despois de múltiples protestas, deciden unirse para facerlle frente ao problema criando a Coordenadora para a Defensa do Augardente Galego que agrupa á case totalidade das zoas vitivinícolas, agás o Salnés (onde imperan xa as factorias).

Tres son as reivindicacións básicas desta Coordinadora: a prórroga de forma automática do periodo transitório da destilación; a formulación dun marco legal para o noso augardente tradicional no que se regule a figura do alambiqueiro e a reforma do Consello Regulador da Denominación de Orixen do *Orujo de Galicia*, dando entrada nel a todos os afectados, é dicer, aguardenteiros, colleiteiros e máis entidades profesionais.

Para defender estas propostas teñen convocada unha manifestación en Compostela para as 12 do mediodia do dia 25 de Outubro.

Apoio parlamentário

A CDAG tamén conseguiu que o Parlmento aprobase por unanimidade unha declaración institucional a favor da imediata moratória da prórroga estabelecida. Decisión que vai propiciar que na próxima lexislatura a cámara autonómica aborde este tema como principal pois a Comunidade Autónoma ten competéncia na fixación do marco legal para os alambiqueiros e para reformar o Consello Regulador.

Pésie aos notábeis avances conseguidos pola Coordenadora existen enfrentamentos entre alguns sindicatos presentes na mesma. Asi, Xóvenes Agricultores non asistiu a última rolda de prensa, criticando a "manipulación da Coordenadora por parte da Consellaria de Agricultura" e do representante de Unións Agrárias, Luis Milla, que se apresenta como candidato do PSOE e que, precisamente, se enfrentou con V. Portomeñe no Parlamento cando este apoiaba as propostas da Coordinadora.

A decisión de XX.AA. non se entende moi ben se non é baixo as directrices de Alianza Popular que pretende frear calquer manifestación pública na época eleitoral.

O próximo sábado celebrarase en Ourense unha reunión da Coordenadora para tratar do tema da acusación dos Xóvenes Agricultores.

Nos próximos dias tamén terán lugar diversas asambleas nas comarcas, non descartándose que se fagan destilacións públicas *ilegais*, para forzar a situación cando deberian comezar xa a funcionar os potes. □

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

As organizacións asinantes queren que se implante este curso

A MNL quer que o acordo do ensino se inclua nos programas eleitorais das autonómicas

As organizacións redactoras do "Modelo de Normalización Lingüística para o Ensino", pretenden que se aplique xa este curso que acaba de comezar séndolle xa apresentado a Xunta e ao Parlamento e mantendo conversas cos diferentes partidos para que o incluan nos seus programas eleitorais.

As 18 organizacións que suscribiron o "Modelo de Normalización Lingüística para o Ensino", nun número de 18, entre sindicatos, partidos, e asociación relacionadas coa docéncia e a normalización lingüística, pretenden que xa se aplique este plan normalizador.

Os redactores do modelo afirman que resulta evidente que a normalización lingüística do noso sistema educativo é un obxetivo imprescindíbel para a consecución dunha escola renovada, democrática e socialmente integradora; ao tempo que resaltan o convencimento de que o ensino é un factor moi importante de trasmisión-adquisición de competéncia e pautas de comportamento lingüístico, o que o converte nun dos eixos decisivos para a normalización: "nornmalización no ensino que non é un fin en si mesma, senón que se encadra na necesária normalización en tódolos sectores sociais", aponta.

Manifestan tamén que a situación da povoación, no tocante á competéncia lingüística é óptima no noso país, debido sobretodo á existéncia dunha povoación autóctona moi compacta; a proximidade lingüística entre o galego e o español e un grau dabondo de coñecimento do galego pola maioria da poboación.

Partindo destes datos empíricos realizaron o modelo pois, como escreben na sua apresentación, "próprio concepto de normalización está implícita a necesidade de planificación e control do proceso; é dicer, precisa dun modelo que fixe as grandes liñas a seguir".

O modelo a seguir

O eixo fundamental do modelo podia definirse pola sua aplicación en todo o território galego e en todo o universo educativo, polo que debe de ser asumido polo Governo e polo Parlamento galegos: a restauración do galego a novos ámbitos de uso e novos falantes; a disposición de todos os rapaces de 11/12 anos de estar en disposición de realizar o ensino en galego fixando unha liña de normalización progresiva que teña como obxectivo camiñar cara esa normalización.

Para lograr isto constituiranse Equipas de Normalización Lingüística en todos os centros escolares, que serán coordenados por un Equipo de Normalización Lingüística de ámbito nacional.

Esta equipa terá como función básica a de definir a situación inicial do alumnado de novo ingreso no centro; determinar o programa lingüístico a seguir; o seguimento pontual e avaliación do proceso e o deseño e elaboración das estratéxias necesárias para recuperar aos alumnos que apresenten deficultades.

Na Educación Infantil defínense tres posíbeis grupos aplicándoselles o programa segundo o seu coñecimento do galego.

na Educación Primária seguiránse as mesmas pautas que na anterior, pero aumentando porcentualmente o emprego do galego naqueles grupo que tiñan a preséncia maioritária do español.

Estabelécese tamén unha etapa de transición partindo da consideración de novas matérias ...ion galeguizadas previamente e avanzando nese ponto, normalizando tamén todo o tecido burocrático dos centros.

No Ciclo Médio debe consolidarse o galego como língua veicular, como mínimo en toda a área de C. Sociais e naturais. Consolidación que se debe ir aumentando na segunda etapa incorporando novas áreas en Galego.

En BUP e FP no primeiro ano da etapa de transición desenvolveranse duas matérias como mínimo en galego, para, a partires dese momento ir aumentando o número de asignaturas a razón de duas máis cada ano, até chegar aos 5 anos marcados para a transición, que terá que galeguizarse totalmente o curriculum.

Na Universidade propoñen xeneralizar a galeguización de toda a burocrácia administrativa; impartir nos cinco anos de transición, como mínimo duas asignaturas en galego (fixadas polo Consello de Departamento), que se irán ampliando progresivamente segundo as circunstáncias. O coñecimento da língua galega]a nível oral e escrito) será un mérito preferente para o profesorado, tendo que demostrar os distintos profesores o coñecimento da nosa língua. □

Por iniciativa de Redondela

Primeiro convénio entre a xudicatura e un concello

O primeiro convénio asinado en Galiza entre membros da Xudicatura e un concello, comprometeuse en Redondela entre Xosé Cora, notário da vila, os avogados Arximiro Soliño, Alfonso Pereira, Xosé Carlos Pintos; os procuradores Bernardo Fernández e Xosé Augusto Otero e o alcalde Xaime Rei Barreiro.

Os asinantes comprométense a iniciar e apoiar "un proceso continuado de uso da língua galega no seo da Administración de Xustiza e do servizo Notarial. O Xulgado de Distrito de Redondela aporta "a boa disposición do seu titular para a efectividade destes obxectivos e para potenciar o uso da Língua nas actuacións xudiciais ao abeiro e nas condicións fixadas nos convénios marcos asinados xa por diversos organismos xudiciais en Compostela o pasado 30 de Xuño". A escrita refirese á declaración sobre a normalización da Língua Galega na Administración da Xustiza, que fora apoaiada por *Xuices para a Democracia*, a *Asociación Profesional da Maxistratura*, a *Unión Progresista de Fiscais*, a *Xustiza e Sociedade*, os presidentes das catro xuntas provinciais de persoal da *Administración da Xustiza* e a *Asociación de Funcionarios para a Normalización Liunguistica*.

Coa finalidade de dar a coñecer os direitos lingüísticos recollidos no ordenamento xurídico, o xulgado, o Rexisto Civil e a notaria informarán ao público do Concello sobre a posibilidade de utilizar oralmente e na escrita a Língua Galega. Outro dos aspectos do convénio refírese á toponímia e comprométese a utilizala consonte á norma legal que fixa a sua forma na documentación. O rexisto Civil empregará a lingua en todos os aspectos regulados normativamente.

O documento asinado entre o Concello e a xudicatura e a notaria obriga ao Servicio de Normalización municipal, a prestar asesoramento e tradución de textos a todas as partes asi como a organizar cursos de língua galega para o personal do Xulgado, o Rexisto a Notaria e os profisionais do direito. Todas as partes acordaron se reunir cada dous meses para avaliar os progresos acadados e desenvolver novas iniciativas en relación co compromiso escrito. Tamén acordan colaborar co ILG (Instituto da Lingua Galega) para contribuir á elaboración dun catálogo de topónimos da Galiza. □

INVESTIMENTOS ESTRANXEIROS MAS

Comércio imobiliárias, b

Hablar cast para invest

■ GONÇALO NUNO/PORTO

Antes do mais uma advertencia ao leitor: á muito provável que o presente artigo fique desactualizado de um momento para outro, isto é, que o numero de empresas estrangeiras —do Estado espanhol principalmente— que presentemente investem em Portugal fique ultrapassado em relaçao ao que falamos aqui e agora. E já vamos saber por que.

O investimento estrangeiro aplicado directamente em Portugal tinha atingido, desde o transacto Janeiro até ao passado Julho, mais de 150 mil milhoes de pesetas.

Desse total, observado e conferido, 63% é proveniente da CEE, 14% dos E.U.A., 10% da E.F.T.A. e o restante do Japão.

O tipo de operações mais utilizado pelo investidor estrangeiro em Portugal, e verificado no decurso do ano transacto, centrouse na entrada de capitais em empresas já instaladas e constituídas, o menos utilizado foi o de reintegração na constituiçao de novas empresas. Por sectores o Terciário —comércio e servícios— é o que se encontra nas preferências dos agentes económicos estrangeiros, conjugando o baixo custo do investimento com o factor mao-de-obra intensiva e muito barata.

Investimento pseudo-espanhol da banca ao pequeno comércio.

No caso espanhol o investimento tem características diferentes, parte desse investimento, mais de um terço, é feito por filiais espanholas de empresas com origem noutros países. Os seus investimentos têm sido orientados para o comércio e actividades industriais vocacionadas para a exploração de recursos naturais. O numero de pequenas e médias empresas espanholas em Portugal subiu, no espaço de um ano, de 400 para 800. No momento ultrapassa já o milhar.

Muito desta ênfase espanhola em Portugal encontra justificação nas muitas facilidades que o Governo de Lisboa está a proporcionar com incentivos nos sectores das pescas, metalomecânica ligeira, serviços financeiros especializados, plásticos, componentes electrónicos, papel, transportes, etc., etc.

Mercado imobiliário. O apetite desmedido.

Lisboa, capital de Portugal, é a grande atracção, de momento, para os investidores do imobiliário, cuja luta na compra de espaços atinge preços astronómicos, isto porque há falta de terrenos livres e também pelo facto de se construir pouco em Lisboa, principalmente nas áreas centrais da bela e ampla cidade portuguesa. Tudo isso acrescentado á repentina *invasão espanhola* está na base da inesperada subida dos

IVOS EN PORTUGAL

anca, seguros e derivados do petróleo son os sectores preferidos

ellano condição de previlégio
ir em Lisboa

A entrada de poderosos grupos económicos estranxeiros preocupa en Portugal. A ilustración corresponde a unha portada dedicada ao tema polo semanário *Expresso*.

preços do metro quadrado que, e no tempo de 1 ano, passou de 120 mil para 300 mil pesetas. O mais grave de tudo isto é a descaracterização da velha e secular Baixa pombalina, pois á falta de terrenos para construção de escritórios são derrubados os velhos edifícios, marcos evidentes de uma arquitectura que fez de Lisboa a grande cidade admirada por qualquer cidadão do mundo.

Observa-se uma autêntica batida espanhola na zona nobre da cidade. Atente-se no numero e "qualidade" das empresas espanholas envolvidas neste processo, que os portugueses já chaman de *segundo terramoto de Lisboa*.

Emiliano Revilla, conhecido na capital espanhola pelos seus actos espectaculares nas transacções imobiliárias, acaba de comprar o conhecido cinema Tivoli, edifício considerado de interese público, pórtanto, não pode ser demolido. Especula-se bastante sobre os fins em vista com a adquisição por alguns miles de milhões de pesetas, por um edifício que só pode ser um espaço para a Arte. "Revilla Internacional" é o nome da sociedade recentemente constituída na capital lusa, encontrando-se já envolvida em investimentos imobiliários, cujo valor ascende a milhões e milhões de pesetas.

A **Corporación Imobiliaria Hispanar** —Banco Hispano Americano— procura oportunidades de negociação em Portugal, viajando os seus agentes constantemente Madrid/Lisboa em busca de edifícios para escritórios e apartamentos.

A **Metrovacesa**, imobiliária do Grupo Banco Bilbao-Vizcaya, está próxima de rematar um negócio no Campo Grande pelo valor de 4 mil milhões.

A **Prima Imobiliaria**, do grupo KIO e dqs Albertos —os tais das facetas que também chegaram a Portugal—, apresta-se para fundar em Lisboa uma sociedade idêntica á Bolsa Data Capital. A **Companhia de Seguros "Mapfre"** —envolvida em várias privatizações de empresas públicas portuguesas—, comprou um grande edifício na Av. da Liberdade, continuando a operar no mercado.

Outra companhia, considerada entre as primeiras cinco grandes aseguradoras espanholas, **La Unión y El Fenix**, acaba de adquirir outro grande imóvel na Praça Marques de Pombal, facto que está a gerar alguma polémica dada a ligação desta empresa ao grupo Banesto, cujos responsáveis não escondem os muitos e elevados interesses que tencionam implementar aqui.

O **Corte Inglés**, que pretende instalar um centro comercial na Baixa lisboeta, acaba de comprar na cápital do norte do país o edifício onde se encontra instalado o jornal diário "O Comércio do Porto".

A **Construtora Ferrovial**, comprou 15 mil metros quadrados, ao preço de 250 mil pta. o metro, para construção dos seus escritórios em Lisboa. Também o grupo **Fierro** tem adquirido vários edifícios, palacetes na sua maioria, em Lisboa.

Outra grande operação espanhola está em vias de se concretizar na zona do Campo Pequeno —junto a Praça de Touros—, qué envolve a compra de palacetes, a serem demolidos, que ocupam uma área de 20 mil metros quadrados. Escritórios é o destino, claro, nesta onda do preço baixo ou a maior atracção que Portugal está a despertar no investidor estrangeiro e razão do alvo e das antenções dos agentes económicos espanhois pela área imobiliária lusitana.

Outras empresas, outros sectores, outros investimentos

No sector financeiro o **Banesto**, que assegura "ter para Portugal projectos rentáveis em sectores diversos", deu o pontapé de saída ao concorrer á privatização do 49% do capital publico do Banco Totta de Açores. Ligando-se a um grupo integrado por investidores lusos e pelo Hispano-Americano, o banco de Mário Conde pode vir e gerir cerca de 25% desta primeira tranche privatizada do primeiro banco nacionalizado luso a receber capital privado.

O **Banco Exterior de Espanha**, que já opera em Portugal através de uma filial instalada em Lisboa, irá abrir brevemente uma delegação no Porto. No ramo dos seguros outro banco, o **Vitalicio**, anunciou a criação de uma companhia de seguro para o ramo vida, em Portugal. Este banco, que é controlado pelo Central e participado em 30% pela companhia de seguros italiana Generali, tinha jé este projecto em carteira há mais deum ano.

O **Santander** detém 10% do principal banco privado luso, o do Comércio e Industria, BCI.

O grupo **Mapfre**, corporação de bancos e divisões imobiliárias, está já no negócio das privatizações das companhias de seguros portuguesas.

A **Repsol**, a maior companhia petrolífera e química espanhola constituiu uma "joint-venture" com a norte-americana Dow Chemical para investir cerca de 240 mil milhões de pesetas no complexo químico e petrolífero de Sines.

Também a **Cepsa** projecta instalar em Portugal, e até 1992, cerca de 120 postos de distribuição de gasolina.

A **Tabacalera** prepara-se para entrar na congénere portuguesa, A Tabaqueira, empresa pública, quando se proceder á sua privatização. Finalmente, e o que temos relatado refere-se somente aos casos mais sonantes do investimento espanhol em Portugal, a transportadora aérea **Ibéria** está já a diligenciar no sentido de adquirir acções da TAP, Transportes Areos Portugueses, para "unir a rede aérea peninsular". Esta operação será concretizada quando fôr privatizado 49% do capital da transportadora lusa, passando então de empresa pública a sociedade anónima, o que ocorrerá este ano.

Por agora só se tem conhecimento, e aqui, de um pequeno revés na estratégia expansionista do capital espanhol em Portugal. Trata-se do grupo **Mercasa**, empresa nacional de mercados de abastecimento de Espanha, que está na corrida á exploração do Mercado Abastecedor de Lisboa.

O plano desta empresa espanhola visa a criação de um espaço estratégico em termos de comercialização e distribuição na Peninsula Ibérica. Tudo isso poderá estar comprometido com a entrada, agora registada, dos italianos e dos franceses que sustentam o mesmo objectivo. Japão, Alemanha, Colômbia, Líbano, Inglaterra, França, Itália, Holanda e Brasil constituem outros tantos países que disputam com a Espanha o investimento em Portugal.

"O Cavaquismo está a vender Portugal inteiro".

O português médio, que não entende bem os complexos mecanismos que determinan as decisões económicas, começa a reagir contra esta onda devoradora do "O.K. Compra-se (em) Portugal", acusando o governo de Lisboa de estar "a" vender Portugal a esmo e ao desbarato". Indiferente a este tipo de protestos o 1º Ministro continua a afirmar que o Povo português deu maioria absoluta ao programa político que foi proposto na eleições, portanto terá de continuar a aceitar a sua acção política.

Mas as apreensões começam a invadir outros orgãos do Poder constituído e os especialistas e analistas da área económica. Em termos simples afirman que este recurso do governo social democrata ao investimento estrangeiro pretende tapar o grande buraco da balança de transações correntes, que se situa nos 5,1 mil milhões de dólares. É com base nos movimentos do investimento estrangeiro que o governo de Cavaco Silva procura minimizar os efeitos desta balança de transações correntes deficitária.

Referem os especialistas que está é uma medida vesga de enfrentar o problema, sustentando que *"um investimento é algo que tem que vêr com o longo prazo, com o modelo de sociedade que desejamos construir, e nao um mero instrumento de cobertura de um qualquer défice conjuntural"*. É frequente ler-se nos jornais da especialidade (Economia), passagens como esta: "Um dia destes verificamos, nós portugueses, que os centros de decisão passaram de Lisboa para Madrid, Londres, Bogotá. E então ao acordarmos reparamos os que *"cumpran tudo"* também já nos compraram a nós. Será então tarde de mais". Ou então "Portugal corre o risco de se tornar no Hong-Kong da Europa, com uma excessiva concentração de unidades voltadas para o trabalho intensivo, enquanto os outros países europeus desfrutarão de projectos tecnologicamente muito mais avançados." □

Reacção dos empresários do Norte de Portugal

As relações Governo-Patronais do Norte de Portugal nunca passaram por fases tão dificeis como nos dias presentes.

Os empresários do Norte —a região mais produtiva e dinâmica do país— quixam-se dos privilégios que o Governo oferece ao investidor estrangeiro, através de todo tipo de ajudas em créditos e facilidades de instalação, em detrimento do investimento nacional, reduzindo ao crédito e criando todo o tipo de dificuldades.

Essa alteração no relacionamento Governo e impulsionadores dotecido empresarial do Norte, esteve bem patente no decurso do II Congresso das Actividades Económicas do Norte de Portugal, recentemente realizado na Exponor, Porto.

O próprio presidente Mário Soares, que presidiu a sessão de abertura, interpretando o sentimento dos *Homens que trabalhan em Portugal*, não deixou de alertar o governo de Cavaco Silva para *"os perigos do excessivo peso do investimento estrangeiro que se está a verificar na economica portuguesa"*. Com esta afirmação o presidente portugués relevou o descontentamento generalizado dos agentes económicos nortenhos, que não se cansam de denunciar o mal-estar que o governo de Lisboa lhes provoca aonão atender ás suas reivindicações, face ao sem número de constrangimentos provocador pelas omissões de um governo eleito graças aos grandes apoios que recebeu dos homens do Norte.

A Região Nortem, que lidera largamente o comércio externo português, está a funcionar, neste momento, mais como "fornecedor de importadores estrangeiros do que a exportar propriamente, ficando dependente da vontade dos operadores estrangeiros. Sao mais os estrangeiros a comprar os nossos produtos do que nós a exporta-los" denunciaram os empresários nortenhos a Cavaco Silva, presente no encerramento das jornadas económicas.

Fazendo ouvidos de mercador ás queixas e denuncias manifestadas, o 1º Ministro preferiu assumir-se como líder do partido no Poder, e não como responsável governamental, procurando semelhanças nestas denuncias com as críticas dos partidos da Oposição.

Julgamos saber que neste momento os empresários do Norte de Portugal já não mantém quaisquer ilusões sobre as possiveis ou hipotéticas ajudas do Poder sediado em Lisboa. E justo porque é frequente ouvir dos directivos das associações patronais a afirmação de que "se o Governo central não nos resolve os problemas, temos que ir procurar apoios a outro lado e com outros meios".

Eses apoios, meios e outro lado poderão encontrar-se na coesão das regiões do sudoste europeu agrupadas na Coese.

Reunindo as regiões do Estado espanhol da Galiza, Astúrias, Castela, Leão, Cantábria, Euskadi, Rioxa e Aragão, as francesas de Aquitânia, Midi-Piri-neus, Limousin e Poitou-Charentes e todo o norte português, do Mondego para cima, é possível que por aqui os empresários agentes económicos do norte lusitano venham a encontrar as soluções que o seu próprio Governo vem sonegando constante e arbitrariamente.

O tempo dirá e as próximas eleições gerais em Portugal também. É uma questão de aguardar até lá. □

INDULTO NA ARXENTINA

ANXO IGLESIAS

Hebe de Bonafini, presidenta das Nais de Maio

'Os nosos fillos deron a sua vida por mellorar a vida do seu povo, reivindicámolos e queremos aos seus asesinos en prisión'

Desde hai case trece anos centos de mulleres cun pano branco na cabeza xiran e xiran todos os xoves arredor da Praza de Maio, ao pé mesmo da Casa Rosada, sé do Governo arxentino. Reivindican a memória das vítimas do xenocídio que se desatou en Abril do 1976 e que o informe da comisión que presidia Sábato recollia polo miudo narrando o espanto que recorreu Arxentina. Agora os actores da represión foron indultados polo governo peronista de Menem, e xa só quedan en prisión, e anúnciase que por poucos meses, os tres membros da primeira Xunta militar que presidiu Videla.
Hebe de Bonafini, presidente das Nais da Praza de Maio, testifica a loita incesante do povo arxentino para que o "Nunca máis" sexa máis do que un lema.

Filla e neta de leoneses, Hebe Pastor Herrero adoptou o apelido do seu marido porque era o dos seus dous fillos desaparecidos: Jorge e Raul. Tamén desapareceron á sua nora e aos seus 61 anos está viuva e cunha filla, Alejandra, de 23 anos. Hebe de Bonafini impresiona cando se lle escoita desbullar as palabras na Praza para denunciar e manter alta unha bandeira intransixente de reivindicación. Poucas veces se pode ouvir unha mensaxe con tanta forza e con tanta emoción como a que as Nais, por boca de Hebe, dan na Praza de Maio bonaerense. Ela manifféstase desexosa de coñecer Galiza e de poder traer a verdade de Arxentina tamén ao noso país. A nosa conversa realizouse moi poucos dias despois de que sofrira un atentado na sua residéncia de La Plata.

■ **XAN CARBALLA**

Cando empeza a loita das Nais de Maio?

O 30 de Abril do 1977 fumos por primeira vez á praza e nunca o deixamos xa. Unha nai, Azucena Villaflores de Vicenti, falou de escreber unha carta a Videla para perguntar polos nosos fillos e entregala na sede do governo. Esa muller, hoxe desaparecedida como outras nais, foi a que encabezou un grupo que formabamos inicialmente catorce nais.

Fumos crecendo convocando casa por casa ás nais, e sentabámonos na Praza. A policia obrigounos a camiñar e despois foi cando usamos o pano. Tamén modificamos a forma de encarar o problema: primeiro buscabamos cada unha aos nosos fillos, despois nos dimos conta que tiñamos que buscalos a todos, logo que non os iamos atopar, máis tarde non aceitamos a exumación de cadavres nen a reparación económica, socializamos a maternidade... e istas últimas cuestións provocaron divisións entre nós, diferéncias que tamén eran de clase e políticas e que temos tamén con alguns organismos de direitos humanos.

Reparación económica, exumación de cadavres ou homenaxes póstumos son parte do perdón e nós rexeitámolo de plano. Cando empezaron a querer darnos un morto a cada unha mandábanos un telegrama para que asistísemos e iso é aceitar a morte... con toda a parafernália do culto á morte, o catolicismo, a misa e o recordo só desa persoa. Despois unha mensualidade polo asesiñato do teu fillo.. cando vas mercar algo co que che dan polo asesiñato do teu fillo xa estás máis morta que viva. E despois plaquitas en todos os lugares... Nós fumos aos cemitérios a impedir as exumacións, dicindo que metiamos ao xuiz de

'FIXEMOS VER QUE CO MEDO NON SE VAI A NENGURES, QUE O MEDO É A PIOR PRISIÓN PORQUE NON TEN RELLAS E NON CHE DEIXA PENSAR'

cabeza no buraço, rexeitamos a reparación económica que nos parece terríbel e dunha indignidade total e os homenaxes póstumos dicindo que se debe pór "esta aula ou este lugar de traballo comprométese a loitar como fulano de tal": compromiso de loita, de imitación, non de recordo. Por iso cando queren pór unha placa din "non, vaian perguntar ás nais que me parece que isto non o queren". En definitiva fumos cambiando todo o que o sistema nos foi dando, pero iso costa moito traballo porque os demáis acéitano e nós sempre estamos á contra.

A que se refiren cando falan de socialización da maternidade?

Dímonos conta de que non tiña sentido buscar só ao próprio fillo porque entón non haberia loita, e que tíñamos que ser nais de todos e buscalos a todos. De nada valia

'Paríronnos os nosos fillos, estamos embarazadas deles'

Unha das suas afirmacións que máis teñen impresionado a quen as leimos é a que di rotunda: "A nós paríronnos os nosos fillos". De que realidade viñan vostedes e que nova vida lles descobreu ese segundo nacimento?

Nós fumos criadas nun país machista, nun fogar moi humilde onde a mamá estaba preocupada de planchar, lavar e criar fillos e que non soubera demasiadas cousas. Co nacimento dos meus fillos, desde que tiñan doce ou trece anos, fixéronme crecer a min politicamente. Até me ensinaron a ler o diário. Facianme perguntas que cando eles despois respostaban deixábanme asombrada. O meu fillo Jorge perguntaba, "Mami, que hai que dar?", "Mira fillo, todo o que a un lle sobra non debe gardalo", "Estás equivocada, hai que compartir o que un ten". Son cousas que quizais a alguén non lle digan nada pero que van marcando. Por iso cando desaparecen os meus fillos eu pareime e entendín. E hai outra cousa que sempre digo e é que estamos embarazadas para sempre dos nosos fillos. O estado do embarazo é o estado máis pleno para unha muller, o que che dá máis forza, máis ganas. E nós témolos adentro nosa con alegria, —e eu estou orgullosa de todos, non só dos meus. Por iso digo que estou embarazada deles, porque son os que me dan a forza, a seguridade, son os que me aclaran o panorama. E eu dígolle á xente que me teñen que deixar tempo, que non podo estar todo o dia traballando, porque necesito pensalos, non quero esquecer a sua voz, nen a sua cara. Porque ainda tendo as fotos quero ter presente os seus xestos ao chegar a casa, os "Hola mami!!" ou os "Imos acá ou alá", e isas cousas non quero esquecelas: o seu ollar, o seu sorriso, a sua ledicia.

Todo iso de que habia que loitar rindo facer a militáncia cantando téñoo moi presente e son feliz co que fago, ainda que a moita xente poda parecerlle un disparate.

Esto deulle outra razón á miña vida, por unha vivéncia moi tráxica pero a miña vida ten un senso agora impresionante.

Hai un feito que é preciso sinalar: que sexan precisamente mulleres quen esteñan na vangarda das reivindicacións políticas máis fortes hoxe na Arxentina.

Por iso nos deixaron nun princípio. Porque os militares son machistas e dicianse "estas son vellas, mulleres, e non van a nengunha parte". Despreciáronnos mesmo cando conseguimos triunfos como que unha representación do Parlamento Europeu envie un telegrama de felicitación a Menem, cando foi eleito, pedindo que siga unha política de defensa dos direitos humanos, e que sobretodo permita que as Nais sigamos a desenvolver o noso traballo político e se permita a nosa preséncia na Praza de Maio. □

'NON QUERO ESQUECER A SUA VOZ, NEN A SUA CARA, OS SEUS XESTOS AO CHEGAR A CASA E DICER *HOLA MAMI!!*, O SEU OLLAR, O SEU SORRISO'

ANXO IGLESIAS

'A XENTE CONVÓCASE SOA: OS XOVES ÁS TRES E MÉDIA, TODO O ANO, TODOS OS ANOS. MÁIS DE SETECENTAS SEMANAS SEN FALTAR XAMAIS'

que topáramos a un ou dous, e os que xa sabiamos mortos no fondo do mar ou dun rio? Habia que loitar por eles e non por recuperar cadavres: por socializar a maternidade e facer disto unha grande forza. Non ser individualista, que é ao que te impulsa o sistema, ocuparse do teu e o demais non importa.

E no caso dos fillos dos desaparecidos que foron entregados a famílias de militares e policias?

Para nós tan desaparecido é un neno de meses como un vello de 80 anos. As Aboas da Praza de Maio fixeron un traballo específico de bûsqueda de nenos pero nós buscamos a todos por igual pois consideramos que isto non é xurídico nen é sentimental nen biolóxico, senón absolutamente político e dedicámonos á loita política.

Desde que momento xa non intentan sacalas da Praza?

Durante a ditadura, até o 1981, sempre houbo presións e persecucións e ségueas habendo. A nós chamábannos tolas porque nos levaban presas, nos golpeban, nos metian nos calabozos e cando saiamos voltábamos para a praza. E cando non estabamos unhas estabamos outras. Démonos conta que a praza era un espácio moi importante que tiñamos gañado e que non se podia deixar. A xente convocábase soa, non precisábamos facer nengun aviso radial nen doutro tipo: os xoves ás tres e média, todo o ano, todos os anos. Máis de setecentas semanas sen faltar nunca un xoves, xamais. Os dias que son festa, como ten coincidido o Nadal ou o Aninovo, é moi impresionante ver como a xente deixa a mesa que ten servida na sua casa e ven a acompañarnos. É moi forte e mostra como a xente sínte a nosa loita como unha loita de todos.

'A IGREXA É CÓMPLICE DO XENOCÍDIO PORQUE ESTIVO SEMPRE COS MILITARES: DEULLES A COMUNIÓN, FÍXOLLES AS MISAS, PÚXOLLES CAPELÁNS EN TODOS LADOS'

O proceso de xenocídio que se iniciou no 76 levou á morte a máis de trinta mil persoas, acabando con todos os cadros sociais dunha xeneración. Tal como fixeron a "Operación Phoenix" os americanos no Vietnam. Até que ponto esa operación de extermínio é feita cunha visión de futuro para aplicar sen oposición unha política económica e social máis dura?

Eles fixeron probas noutros paises latinoamericanos porque para aplicar os plans económicos que eles traen, plans de entrega, do pago de débeda externa, tiñan a oposición dos nosos fillos, que eran revolucionários e denunciaban todo o que se viña enrriba do país. Para aplicar os plans de Martínez de Hoz habia que facelos desaparecer e xa funcionara o sistema noutros países. Aqui non contaban coas nais, e pensaron que funcionaria. Dician que se se foran coas mulleres por ai, ou que estaban no monte, ou que estaban en Europa, que todos eran clandestinos,... e pensaban que iso iamos creelo. Saimos denunciando a mentira de todo iso e fumos facendo saber que estaban na Arxentina, fumos topando os campos de concentración,... e todo o noso traballo serviu para descobrir o terríbel sistema que estaban desenrolando e que non van poder xa aplicar tan facilmente. A xente agora tomou conciéncia, organízase.

Pasouse do terror de vivir aquela situación ao horror a que se poda repetir? Instaurouse ese medo na sociedade arxentina?

Instauran o medo desde o próprio momento en que che levan ao fillo. Primeiro facian un enorme despregue de forzas, subian aos teitos, rompian todo, metian á xente a punta de metralleta dentro das suas casas, torturaban no próprio fogar como lle fixeron ao meu fillo que ouvian os seus berros todos os veciños. E ninguén se atrevia ao dia seguinte a dicer que o levaran!!

Nós démosile a volta a isa situación. Fixemos ver que co medo non se vai a nengunha parte, que o medo é a pior prisión, porque non ten rellas e non che deixa pensar. Fixemos comprender que a forza do povo está en perder o medo e enfrentar ao nemigo sen confundirse. O que fai o sistema é tratar de confundir ao nemigo e agora nunha marcha os radicais din que están contra o indulto, cando xa se sabia que antes de Decembro ian sacar o indulto, fose Menem ou Alfonsin.

'NON NOS QUEREMOS CONVERTER EN SÍMBOLOS PORQUE ISES QUEDAN ESTÁTICOS, NÓS QUEREMOS SER REPRESENTANTES DA VIDA FRENTE Á MORTE'

A postura da Igrexa arxentina foi sempre moi criticada, tanto durante a ditadura como agora?

A Igrexa é cómplice do xenocídio porque estivo sempre con eles: deulles a comunión, fixolles as misas, benzooulles os sables e as armas, púxolles capeláns en todos lados... unha vergoña o que fixo a Igrexa, con excepcións que non fan cousa á regla. Nós diciamos: pechen as Igrexas, non den máis comunións, excomulguen aos comandantes e era todo o contrário. E é que a Igrexa defende a unha clase, a unha casta, que é quen a sostén.

Na prensa arxentina fálase da existéncia de diferentes sectores no exército: profisionais, nacionalistas,...., e dunha pugna de poder entre eles.

A prensa tamén é cómplice. A prensa, e non os xornalistas, está ao servicio do opresor e ademais sempre quer demostrar que hai uns máis bons e outros piores, blandos e duros, mellores e peores, e tamén che van mudando a linguaxe cando falan dos "responsábeis dos feitos" como se un crime fose un feito normal, e afinal a xente xa non sabe de que está falando. Por iso chama a atención a linguaxe das Nais que somos tan directas.

As Forzas Armadas están coesionadas no seu obxectivo principal que é reprimir ao povo, e despois poden ter intereses en ascensos, marxinación duns por outros, pequenos roces, pero contra o povo están ben xuntas, non hai fisuras. Os Rico e os Seineldin son o mesmo que os Cáceres e os Caridi.

Vostedes representan hoxe no mundo a defensa intransixente dos direitos humanos, gostariame saber como entenden ese papel de símbolo alén das fronteiras arxentinas, e como receben a solidariedade internacional.

Nós non nos queremos converter en símbolos porque ises quedan estáticos. Nós queremos ser representantes da vida frente á morte e non falamos de direitos humanos porque iso son grandes declaracións (Francia hai douscentos anos, as Nacións Unidas,...) e resulta que os mesmos governos que firman eses tratados violan sempre que lles peta iso mesmo que asinan. Por iso falamos de defensa da vida, e non nos gosta ser símbolos porque queremos demostrar que todo o mundo pode facer isto, que nós non somos uns personaxes especiais cunha forza distinta, simplesmente que sabemos a onde imos e que queremos. Cando sabes o que queres estás segura e tes forza. E esa é a seguridade nosa: que os nosos fillos deron a sua vida porque querian o mellor para o seu povo e querémolos reivindicar e queremos aos seus asesinos na prisión.

'NON VAN PODER COA XENTE, POR ISO QUEREN AOS MILITARES LIBRES: PARA PODER REPRIMIR. DENTRO DUN ANO OU ANO E MÉDIO A XENTE VAI CANSAR DE ESPERAR E VAI SAIR Á RUA'

Queremos que nos vexan como mulleres do povo, porque máis dun noventa por cento de nós somos de familias de traballadores.

A solidariedade con nós é moi importante porque é a que nos salva a vida. Se cando levaron e desapareceron as primeiras nais houbera isa solidariedade non terian desaparecido. Cada vez que nos levaron a unha de nós o mundo chamou e todo parou. Hai pouco eu tiven un atentado, a miña filla tamén, teñen camiñado polo teito da casa, fixéronnos moitas cousas... e a solidariedade detén iso. Unha ten unha espécie de condena pero iso non conta cando sabes o que estás facendo.

Agora co indulto xa efectivo, cal é o futuro das Nais de Maio?

Nós xa temos herdeiros, que son os xóvenes que nos acompañan. Nós somos de idade avanzada, a nai máis xoven ten 57 anos, eu xa teño 61, e queremos que os xóvenes sexan herdeiros desta forma de loita, que é unha forma distinta, e confiamos nas organizacións de base. Coidamos que o mundo vai cambiar por ai, porque os partidos políticos están en crise e vai haber unha explosión da xente que non atura máis e vai haber cámbios. Van ser as organizacións de base as máis sólidas, as máis creíbeis e as máis apoiadas polo povo, e a iso apostamos nós.

Dous feitos funcionan como xustificación de que o indulto é un "elemento de reconciliación". Por unha banda Firmenich e por outra o feito de que Menem tamén estivo encarcerado.

O que sucede é que eles aplican a teoria dos dous demos. Agora só queda un demo, Firmenich é un traidor desde sempre e máis desde que se reuniu no 1979 con Massera. Menem créese lexitimado moralmente pero perdoa porque é cómplice de moitas cousas e na província de La Rioja, onde foi governador, tamén teñen unha história de poder bastante negra.

En todo o proceso de preparación psicolóxica do indulto, destacan unhas declaracións do vicepresidente Duhalde, "o que importan agora son os direitos humanos dos vivos e non dos mortos".

Eu dixen que Duhalde tiña un só ollo na metade da cabeza e por iso ve para un só lado. Pero realmente é terríbel, porque cando el estaba na base apoiaba esta defensa, oero servialle para contar votos, e en canto subiu púxose ao lado das botas. O que non sabe é que os mesmos que hoxe apoia e perdona son os que lle van sacar a el o governo.

Cree que pode haber outro golpe militar?

Non sei se golpe, pero si máis represión. Eles non van poder coa xente e por iso queren aos militares libres, para poder reprimir. Dentro dun ano ou ano e médio a xente vai sair á rua. Menem criou agora a esperanza esperando, que é a pior. Vai esperar ese tempo polas promesas de Menem e logo virá o derrumbe, e aí o povo vai definir situacións e vai ter que se enfrentar co exército. □

Empresa Xornalistica Editora: Promocions Culturais Galegas

Consello de Administracion. Presidente: Francisco Carballo. **Vice-Presidente:** Anton Fernandez Sanchez. **Conselleiro Delegado:** Xose Fernandez Puga. **Secretario:** Fernando Conarro. **Vogais:** Ramon Fernandez, Cesareo Sanchez, Eloi Villada, Xose M. Dobarro, Xose M. Salgado, Carlos Xoan Diaz, Xoaquin Acosta, e Manuel Veiga.

Director: Alfonso Eire Lopez

Redacción: Manuel Veiga, Gustavo Luca de Tena, Xan Carballa.

Correspondentes: Sabela Foxo e Anton Prieto (A Coruña), Hernan Naval, Inma Eiroa (A Mariña), Lois Castro (Ourense), Laxe Grande (A Guarda), Xan Docampo, Carmen G. Ares (Compostela), Enrique Santiz, Maria Xesus Abas (Ferrol), Francisco Arrizado, Lino Braxe (Lugo), X.A. Suarez (O Condado), Carlos Mendez (Vilagarcia), Pepe Rei (Donostia), Teresa Toda (Madrid), Joan Retana (Barcelona), Gonçalo Nuno (Porto), Manuel Vilar (Londres).

Colaboradores: Manuel Hortas Vilanova, Anton Baamonde, Francisco Carballo, Xesus Gonzalez Gomez, Manuel Rivas, Xesus Vega, M. Chouza, R. Cid, X. M. Aldea, X. Larrosa Vila, Cesar Varela, Xose M. Salgado, J.A.M., Xesus Lopez Teirez, Xoan M. Carreira, Xose Lodeiro, Fernando M. Vilanova, Xesus Torres, Suso Pineiro, Domingos Prieto, Carlos Duram, Xesus Cambre Marino, X.M. Eire, Eric Ducheteau, Begona Moa, Alfonso Rivas, Xaquin Aguila, Fernando Carballa, M. Fernandez Blanco, Vitor Vaqueiro, Anton Mascato, Xurxo Estevez, Xico Pena, Xoan M. Estevez, Manuel Lueiro Rey, Anselmo Lopez Carreira, Hernan Naval, A. Cordero, Lupe Ces, Francisco A. Vidal, Xavier Seoane, Ricardo Rivera, X.X. Pineiro Cochon, Placido Lizancos, Xesus Campos, Manuel Estrada, Gonzalo Vilas, Alexandre Banhos, Bernardino Graña, Carlos Oliveira, L. Casado Cadarso, Miro Villar, Manuel Santiago, Margarita Ledo Andion, X.L. Iglesias.

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Fotografia: Anxel Iglesias, Chus Garcia, Moncho Rama, X. Marra, Che, X. M. Fontan, X.L. Diaz, Nelson Gomez, Moncho Iglesias, Alexandra Diaz, Xose Luis Suarez Canal, Manuel Sendon, Tino Viz, Xosé M. Albán, E. Reimondez, Delmi Alvarez, Tachi Castro.

Ilustración: Xose Lois, Pepe Carreiro, Cal, Calros Silvar, Ferreiro, Fefo, Xulio Gaioso, Anxo Baranga, Tokio, Hermida.

Axéncias: Novosti, ADN, Prensa Latina.

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada, Guillermo Gómez, Carlos Soaxe.

Corrección Lingüística: Fernando Carbaila.

Publicidade: Xose Fernandez Puga (Director), Juan Louzán (Madrid - Telf.: 91-467 31 33).

Suscripcións: Blanca Costas.

Dirección e Administración: Rúa Pontevedra, 4-5ª (36201 Vigo) - Apartado de Correos 1371 (36280 Vigo) - Teléfonos: Administración, Suscripcions e Publicidade (986) 43 38 30 Redacción (986) 43 38 86. Telefax (986) 43 36 24.

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977

ISSN: 02-13-3105

A NOSA TERRA non se identifica necesariamente cos artigos de opinión publicados nas suas páxinas respeitando a independéncia dos seus autores; non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se cite a procedéncia.

CARTAS

XUBILACIÓN NO AGRO

Nestes últimos tempos, vense falando acotio das xubilacións anticipadas para agricultura, tema que, por certo, levantou bastantes expectativas no agro galego.

E efectivamente, o 29 de Setembro o Governo aproba un Real Decreto, e o Ministério de Agricultura lanza á prensa a medida. Pero resulta que o Ministério, resaltou unicamente a parte propagandística; falou de que os labregos poderian xubilarse anticipadamente, para facilitar o relevo xeracional necesário no campo, falou de poder aumentar a base territórial para aumentar o número de explotacións viábeis. Pero o que sucede é que a letra pequena non saiu na prensa e que as expectativas de xubilación que se criaron no campo galego non son reais, e parece tratarse dunha difusión errónea feita intencionadamente en aras de gañar publicidade eleitoral.

Por este motivo o Sindicato Labrego Galego - Comisións Labregas, quere aclarar os seguintes extremos.

1.— Non se trata dunha xubilación anticipada, posto que os labregos que queiran xubilarse para pór nas mans dun fillo ou dun neto a explotación non poden facelo, dado que o que vai aceder a esas terras non pode ser familiar en línea directa ou colateral por cosanguinidade, afinidade ou adopción, nen de primeiro nen de segundo grado.

2.— Fálase igualmente que o labrego que reciba as terras non vai poder aumentar as producións en productos excedentarios: hai polo tanto unha contradición entre o aumento da base territorial para ter unha explotación viábel e as proibicións de aumentar determinadas producións.

Estes dous puntos, lévannos a concluir que en lugar de tratarse dunha xubilación anticipada, trátase dunha medida máis da política agrária comun para fomentar o abandono da actividade agrária. Dadas as condicións da agricultura no noso país, esta medida non vai supoñer politicamente nengunha ventaxa para o campo galego, posto que nen se producirá o relevo xeracional nen vai repercutir de xeito importante na consecución de explotación viábeis.

Por outra parte, o Decreto segue tendo limitacións, e neste caso económicas; posto que a concesión das axudas para cesar a actividade limítanse aos recursos que o Ministerio de Agricultura destine anualmente nos presupostos para esto; polo que existe a posibilidade de que non se concedan todos os ceses que poideran solicitarse.

O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas, entende que calquera medida reestruturada no agro galego, ten que vir acompañada dun plan de desenrolo da nosa agricultura pois do contrário non proporcionan nengun benefício para os labregos galegos. □

LIDIA SENRA
Secretária Portavoz SLG-CCLL

TOKIO

SOCIALISTAS

Cáseque todo o mundo dá por feito o trunfo socialista nas cercanas eleizóns. E eu non sei por que. Fixéron-no ben? Cumpriron o seu programa? O Estado vai como Deus manda e queren os seus habitantes? Os proxectos de infra-estructura deica o ano 2000 están sequer comezados? Seica a saúde dos escravos — pois tal somos todos nós para os mandóns de turno— está a salvo? Xa se aprobaron as leis de pensións mínimas? Funciona o Parlamento e o Senado? Xa temos seguridade nas ruas e nas nosas próprias casas? Temos xa un ensino acorde co futuro do mundo? Podemo-nos comparara coa Europa se non septentrional, polo menos coa meridional? E a prensa caciquil e subxugada di que voltarán gañar! Non o entendo. Ou todos os españois obtiveron o governo que merecian, mais non foron todos. Porque eu e outros moitos non estamos de acordo. Ou é que se pode estar de acordo co Ministério de Cultura? Fixo algo bo? E sequer un bo Ministro? Temos o património nacional a salvo, cando tantas e tantas desfeitas están a facer co único verdadeiramente noso? Outro tanto pódese dicer do de Indústria e do de Agricultura, pois aí están para mostra os conflitos do leite e dos caladeiros. Nen sequer a xustícia vai ben. E para mostra basta unha leitura ás aclaracións de xuíces e maxistrados. Da sanidade é mellor non falar. Se hai sete anos tiñamos unha espera de tres ou catro dias para sermos operados, agora pode ser que tardes cinco anos se antes non morreches do mal. Do exército mellor é non falar. Nos meus tempos morrian catro por imprudéncia, e hoxe morren douscentos por outras cousas.

Polo tanto, quen está interesado en que volten gaña-los mal chamados socialistas? Os banqueiros, que se están forrando? As multinacionais, que fan o que lles convén coa saúde pública? ou os EE.UU., Alemaña, Franza e o Reino Unido, que manexan o cotarrro como queren e fan do noso solo un campo de probas?

Por iso, contra toda opinión —que pode ser respeitábel— eu teño a seguranza de que non gañarán. E seguro que non son eu só quen pensa desta maneira, porque se nos basamos nos feitos e desfeitas do PSOE (Partido Son Organización Ética) pódese dicer o seguinte:

1º O mao Governo é de tal magnitude, que non se salva ninguén dos mandóns, comezando polo Presidente e Vice- Presidente —que segun el mesmo, fai de ouvinte—. E agora, que seica eran poucos, lo Presidente ameaza con criar un Super-Ministério para potenciar os servizos. Será que como os ministros non dan abondo co traballo que teñen para manter-se na foto, desta maneira terán tempo para pensar que poden facer para manter-se no posto ao tempo que cria máis postos de traballo para os seus correlixionários.

2.º Teñen á base do Partido descontenta e desfeita. Non so porque UXT xa non pede o voto para o Partido, senón, e tamén, porque os bons socialistas están cansos de tanta sumisión e prepoténcia ao poder estabelecido.

3º Un Governo que en sete anos de soberania e asoballamento, non soubo ou non quixo resolver nen un só dos problemas deste País, non merece continuar.

4º. Un Governo que regala os cartos suados polo seu povo a catro, amigotes que os malgastan en festas e en subxugar o seu própio povo, non ten direito a seguir governando.

5º. Un Governo maioritário que en sete anos non fixo ren por erradicar o terrorismo de esquerda e direita, pagándo-lles hoteis de primeira e nen sequera pons os cartos necesarios para que a xusticia axilice ieses 34.000 casos pendentes, non ten direito a solicitar a sua continuación.

6º. Un Governo que non soubo tramitar a entrada na CEE e que mandou desmantelar a mellor indústria naval e agora ten que facer os barcos fora, non pode nen debe continuar.

7.º. Un Governo que usa e abusa do amiguismo para manter- se no poder, non é posibel que siga.

8º. Un Governo que se di Socialista e Obreiro, despois de sete anos de apisonadora lexislativa e que non quixo resolver o problema social e ten que demandar por boca do seu Presidente, outra lexislatura para pór en marcha a pendente reforma, non debe seguir pois xa non é posibel tanta farsa.

9º. Un Governo que por non saber, nen sequer soubo resolver o problema da peste equina, non ter por que continuar.

10º. E derradeira. Un Governo que recolleu un choio como o turismo que daba cartos a eito e non soubo mantelo, deberia demitir, inda que xa se sabe que ista verba non a teñen no seu dicionário.

E a todo iste resume pódese dicer que os dirixentes do Partido chamado Socialista, non saben o que teñen entre mans. O outro día sen ir máis lonxe, o Sr. García Vargas, dixo que habería que reducir as prestacións sociais comezando pola SS. e catro días máis tarde, dándose conta da metedura de pata pois as eleizóns están á volta da esquina, rectifica e di que non, que non fai falta facelo. O que quer dicer en términos políticos que o faran se gañan. O caso do Sr. Solchaga, é doutro mundo, pois igoal nos di que hai que reducir a inflación e que para iso fixo o reaxuste, como di que todo vai moi ben e que non é necesario facelo. Craro que iso é porque se acostan as eleicións. O pao xa virá en novembro cando teñamos que pagar. Mais os créditos reduciron-se para os probes. O que non se reduciron foron as tarxetas de ouro dos ministros e demáis señores do Partido. Craro que isas pagámolas nós. Ao igoal que as subvencións aos partidos. En qué país do mundo —fora dos comunistas— se subvencionan aos partidos? É que iste Estado é comunista? Que clase de Governo é iste que non pensa máis que no presente da Nación e no futuro do seu próprio personalismo, sen contar para nada co porvir do País? Castelao so ven vir cando dixo: "Os valedores da política española descobren o fracaso do centralismo pero non teñen azos para contrariaren o ambiente que os arrodea." E noturo parágrafo: "Hai moitos governantes que saben ver a distáncia. A distáncia si; mais a moita distáncia: lonxe do país que governan." E xa sabemos todos os galegos que o PSOE non é autonomista. Non foi coa II República e non o será xamáis.

Por isto eu digo: Pode continuar un Governo como iste? Eu creo que non. Mais os españois temos o voto, e na Nosa Terra os galegos. □

XOSÉ L. VEIGA
(Tarragona)

Esta sección está aberta a todas as informacións, opinións, ou críticas que desexe formular o leitor.

Os asinantes deberan incluir o seu nome completo e enderezo, ainda que —se asi o fan constar— serán publicadas unicamente as iniciais.

A redacción resérvase o direito a resumir aquelas cartas cuxo texto exceda as 30 liñas mecanografiadas.

libraria **couceiro**

somos coñecidos na Galiza inteira, pola nosa especialización en libros galegos e portugueses

Praza do Libro — Tel. 26 63 77 — A CORUÑA
República El Salvador, 9 — Tel. 56 58 12 — SANTIAGO

Clinica Médico Dental

N. Alvarez Santamarina
E. de Frutos Martinez
(Medicas Estomatólogas)

PROTESIS-PERIODONCIA-ODONTOPEDIATRIA
ONDONTOLOXÍA PARA A SAUDE

Asistencia por Seguros Privados... IMECOSA, SANITAS, etc...

Consulta Diaria: 10-2 e 4-8

Avda. da Florida, 9-3º - Teléf. 20 58 85 - 36210 Vigo

Morin, Touraine, Illich e Garaudy estarán en Pontevedra na próxima primavera

Ecoloxia á luz do saber filosófico

■ XAN CARBALLA

A VII Semana Galega de Filosofia, que se vai celebrar na próxima primavera en Pontevedra, centrará os seus debates arredor da interdisciplinariedade que ten como eixo a ecoloxia, e as profundas transformacións que no terreo das ciéncias, da economia ou a polítca, está plantexando a necesidade de preservar o médio natural para a sobrevivéncia da espécie humana. Entre os convidados estranxeiros, Edgar Morin, Alain Touraine, Ivan Illich, Georges Labica ou Roger Garaudy.

Seguindo as directrices emanadas da última semana celebrada este ano a Aula Castelao de Filosfia de Pontevedra xa ten en marcha o programa para unha nova edición que se dedicará ao tema xeral "Filosofia e Ecoloxia". Entre as persoalidades convidadas catro coñecidos pensadores, Edagr Morin, Alain Touraine, Ivan Illich e Roger Garaudy, que desenvolverán as relacións entre ecoloxia e antropoloxia, sociedade post-industrial, convivencialidade e sociedade alternativa, e o profesor da Universidade de Vincennes Georges Labica, autor do "Diccionário Crítico de Marxismo" que está pronto a ser traducido ao español, e que desenrolará o tema "Ecoloxia e sociedade alternativa". Estes autores intervirán nas sesións de mañá e tamén nas de noite, modificando asi o esquema seguido noutros anos. Nestas sesións nocturnas tamén falará o profesor José Luis Serrano que desenrolará o tema de "Filosofia do direito ambiental".

En sesións de tarde, e adicadas a Galiza, está confirmada unha intervención conxunta de Ramón López Suevos e Marcial Gondar que falarán de "Ecoloxia, economia e antropoloxia" en relación á situación ecolóxica de Galiza. Respeito a este mesma cuestión hai previstas outras duas charlas, unha delas en forma de mesa redonda coordenada por Manolo Aián sobre os movimentos ecoloxistas na Galiza.

A organización anúncia tamén a preséncia do presidente da Académia de Ciéncias da República Democrática de Corea e dous axudantes seus.

Obxectivos da semana

A Aula Castelao manifesta tres pontos principais como obxectivos desta VII Semana: "1) Contrastación de diversas teoras ou modelos interpretativos de cara á configuración de critérios gnoseolóxicos e éticos, de carácter globalizador, en Ecoloxia e que incidan no Ensino; 2) Dilucidamento da problemática ecolóxica na Galiza e 3) Espallamento da problemática ecolóxica ao público en xeral para espertar unha conciéncia crítica en relación á situación do planeta como *van ecolóxico* dos seres humanos".

Domingos Antón Garcia, responsábel de prensa da Aula Castelao, apunta que ainda sendo a ecoloxia unha ciéncia de carácter global, "ao ser a filosofia un saber de segundo grao que procura relacionar a aqueles saberes científicos máis imediatos da realidade, trataríase de conseguir unha espécie de *ecosofia*, en verbas de Guattari, unha sabiduria sobre o ambente. Hoxe unha das problemáticas acuciantes é a ecolóxica e o que queremos é, desde a filosofia facer unha reflexión de conxunto sobre todo iso, enlazando problemas científicos, políticos,..."

"Hoxe están entre os problemas máis acuciantes da humanidade son o problema da paz, da contaminación, etc... a filosofia ten que coller outro signo pois en cada momento histórico debe recoller as ideas máis xenéricas que son clave e relacionalas entre si. Hoxe hai cuestións que senón son son novas si teñen un signo diferente: cando se fala do problema da paz ou da contaminación, hoxe, o que está en xogo é a supervivéncia da espécie".

Portugal hoxe

Os dias 10 e 11 de Novembro, organizado pola Aula Castelao e pola Biblioteca Pública de Pontevedra, terán lugar unhas xornadas baixo o título xeral de "Portugal Hoxe". Contan coa intervención de Mario Morteira, que foi Ministro da área económica nos governos provisórios do 1975, António Teixeira Fernándes, sociólogo da Universidade de Porto e José Saramago□

Edgar Morin

'A ciéncia fai avances na saude pero tamén na construción de armas bacteriolóxicas e nucleares'



Edgar Morin, estará na VII Semán Galega de Filosofia.

Edgar Morin, filósofo e sociólogo francés, director do Centro de Estudos de Sócio-Antropoloxia de director da revista de socioloxia e filosofia "Comunications" vai estar na Semana de Filosofia de Pontevedra para desenvolver o tema "Ecoloxia e antropoloxia". No 1984 estivo en Sargadelos dentro dos Encontros do Camiño de Santiago nas xornadas sobre "Tradición e Modernidade". Da entrevista que entón publicou ANT (Nº 252) recollemos estas respostas.

"Antes do Século das Luces, a modernidade, o novo que ocorre, era unha cousa que si se podia integrar na tradición. Se non se podia integrar era considerada sen valor. Na visión tradicional, no princípio da tradición, todo é referido a uns valores fundamentais, polo que as cousas non poden funcionar senón refiren a esas verdades. Todo o que se alonxa diso é unha decadéncia.

Co Século das Luces, e co desenvolvimento da bioloxia, da teoría da evolución de Darwin, de que as cousas non parten dun princípio superior, senón do pequeno, das moléculas, das células até o ser superior, muda a conceición. Daí parte a idea de que ao princípio hai a pobreza, na nada, e é o porvir quen encerra o valor. Nese senso a modernidade ten valor porque é un intre do porvir. A modernidade ten futuro porque é o progreso.

A valoración da modernidade tracéxase sobre o movimento do progreso, que é un movimento de desenvolvimento, coa ciéncia, coa arte e co conxunto da sociedade.

Hoxendia é cando aparece a contradición. Non é máis evidente un progreso lineal da ciéncia que que haxa unha maior especialización, un pecharse do especialista na sua parcela. A ciéncia fai avances na saúde, pero tamén na construción de armas bacteorolóxicas ou atómicas. Agora para a xente a ciéncia ten duas caras, e tamé a técnica, de maneira que se fan máquinas ao servício dos homes e tamén se fan homes ao servício das máquinas.

Hai unha equivocación no progreso, e neste momento a valoración do modelo está en crise e ademais a crise faise máis fonda cando se ve que non hai certidume dun bon futuro. Queda pois o moderno nun espácio de tempo actual sen xustificación no pasado, e sen raigañas no futuro. e o viver no dia-a-dia, no cotidiano.

'PARA A XENTE A CIÉNCIA E A TÉCNICA TEÑEN DUAS CARAS: FANSE MÁQUINAS AO SERVÍCIO DOS HOMES PERO TAMÉN SE PON AOS HOMES AO SERVÍCIO DAS MÁQUINAS'

Neste tipo de sociedades, que é a nosa, hai correntes moi fortes non só de consumo, senón de tecnoburocratización, de escravitude da vida urbana, de anonimización. Hai unha procura aos niveis urbanos de ver se o pasado era algo tan mao, e faise un movimento complexo, no senso de que o modernismo muta en neomodernismo querendo integrar en si próprio un neo-arcaísmo ou un neotradicionalismo".

"No Terceiro mundo tamén se dan eses problemas pero a outra escada. Precisan a modernización para a sua própria pervivéncia como nación e tamén de negala, porque destrue a sua tradición. É desa contradición de onde xurde o fundamentalismo nalguns países islámicos.

Eu penso que cando falamos de técnica referímonos ás actuantes no noso mundo, e ali existen técnicas pre-industriais que, modificadas, e están estudadas pola UNESCO e outras entidades, pódense facer rendábeis. Ou sexa adaptar as condicións próprias á modernización sen destruílas. O uso da agua, da enerxia solar, son cousas que me veñen agora á cabeza. O mao é que tecnoloxia burocratizada non procura iso, e estes problemas non se poden ver como abstracción. Vaia por diante un exemplo:

O Fondo Monetário Internacional ten unha visión abstracta. Dille a Túnez ou a Marrocos, "vostedes teñen que facer unha economia san; o précio da fariña, dos productos fundamentais ten que subir, e nós avaliamos cretos", sube desorbitadamente o pan e o resultado é *revolución e morte*. Ou sexa que hai que ter en conta á xente, e esta é a traxédia mundial". □

POSTAIS, GALIZA DE MEMÓRIA

XOSÉ ENRIQUE ACUÑA

Os carteis e as postais vellas foron nos últimos anos obxecto de grande predileción nos circuitos do coleccionismo e son tamén apresentados en exposicións retrospectivas que obteñen un importante éxito de público. No noso país o Museu do Povo Galego leva prestándolle interés a esta faceta gráfica da arte contemporánea compoñendo nas suas salas várias mostras de postais relacionadas con Galicia. Nestes dias apresenta a magnífica colección de Mariela Lorente baixo o título de "Memoria de Galicia".

A orixe da postal é doblemente anovadora. Por unha banda ten un significado democrático ao abaratar considerabelmente un servício, o postal, que mantiña unhas características económicas que o facian moi caro a importantes sectores da sociedade e por outra ao liberar comodamente a mensaxe de lacres e cordeis logrando deste xeito unha leitura directa. Esta mellora, codificada por acordo postal internacional, convertiuse en poucos anos —naceu sobre a década dos sesenta do século pasado— na grande competidora doutra renovación singular no eido da fotografia como o foran as *"cartes de visite"*.

Estas fotografias acartonadas e homoxéneas conlevaron igualmente unha importante democratización e popularización en canto que os seus procedimentos de copiado oferecian vantaxes substanciais para a realización múltiple de cópias. Con elas chegou un colecionismo desaforado das suas máis sinaladas séries. Os persoeiros, vistas, monumentos, etc. eran as preferidas e chegaban a ter tiradas centenárias. Coa aparición no mercado da carta postal surxeita a código de tamaño e sobretodo ao estar inserta en procesos industriais que obtiñan importantes tiradas, primeiro a meio de gravado ao aceiro e o águaforte e nas últimas décadas do XIX pola cromolitografia e a fotografia, a "carte de visite" sofreu unha merma decisiva na sua difusión ao cobrer a carta postal o doble obxectivo de preséncia gráfica e función de correo.

A administración de correos española non adoptou oficialmente a tarxeta postal até 1873, sendo controlado desde esa data o envio de postais particulares que non cumpriran os requisitos recollidos por acordos internacionais. Estos deixaban claras as características: franqueo reducido, indicacións impresas no reverso e motivo gráfico no anverso. Se nun princípio existiu un excesivo monopólio do Estado na sua emisión pronto se rachou para dar paso á edición privada e industrial. De feito cara ao 1890 é cando encerta a masificación a meio de tiradas nalgun caso espectaculares. Desde un primeiro momento os temas refrexados son variados: viñetas humorísticas, cenas afectivas, militares, toros, vistas turísticas e monumentais, etc. foron do aprécio do público e tamén do incipiento coleccionismo que pronto se organizou en sociedades. Chegáronse a editar pezas en metal, plástico e madeira e a incrustar nelas fios e abalórios que hoxe son xoias dos coleccionistas. Ademais da venta directa a compra por catálogos era habitual. Deste xeito as grandes casas europeas chegaban a todos os lugares do mundo. Este era o sistema preferido no circuito de postais eróticas, temática á que se sumaron con entusiasmo famosos pintores ao lado de ánonimos fotógrafos. A nosa Bella Otero era habitual nestas preséncias compartindo preferéncias con musas tan famosas como Cleo de Merode.

> "A NOSA BELLA OTERO ERA HABITUAL NESTAS PRESÉNCIAS COMPARTINDO PREFERÉNCIAS CON MUSAS TAN FAMOSAS COMO CLEO DE MERODE"

Non foron poucos os artistas que se refuxiaron na postal —e no cartel, fenómeno contemporánea— unha parte significativa da sua arte. Con estos médios de difusión artística aparecen novos conceitos de expresión coerentemente ligados aos movementos que xurden coetános na Inglaterra de William Morris e Aubrey Beardsley, o Simbolismo e o Art Nouveau. Nun intre determinado através das postais marcábase a moda ao suxerir a sua mensaxe gráfica á criatividade máis actual. No Estado, Cataluña mostrábase receptora a estas tendéncias co seu "noucentisme" e o seu progreso industrial. Aporta exemplos moi ricos de bon facer a meio de figuras como Ramón Casas, cultivador do cartel e a postal —moitas das veces publicitárias— nun tramo de tempo que para estes novos xeitos de expresión, entre 1900 e 1920, é considerado como a sua idade de ouro.

Galiza non vive tan directamente este despertar artístico. Coñécense séries editadas a partir de pinturas de Serafín Avendaño e Alfredo Souto, máximos expoñentes do paisaxismo galego entre séculos. Tardiamente realizan traballos de postais Juan Luis e Roberto González del Blanco. Alfonso Castelao executou cando menos unha, de carácter publicitário, para o Hotel Calixto de Cambados.

Todos os temas eran motivo para as postais: desde o paisaxístico ao de costumes ou o erótico. Na foto superior, á direita, retrato da *Bella Otero*

Os primeiros pasos no noso país viñeron de man dos máis significados fotógrafos coa edición de vistas das principais cidades galegas. Saen con fotografías de Chicharro Bisi en Compostela, Avrillon e González en A Coruña, Francisco Nondedeu en Lugo, Pascual Rey no Ferrol, Pacheco en Ourense ou Prosperi en Vigo. Se botamos unha ollada, que pode servir de exemplo, ás primeiras edicións de postais en Pontevedra, veremos que normalmente corrian a cárrego dalgun libreiro ou estanqueiro. O "Estanco de la Peregrina" de Francisco Viñas sacou á luz a primeira colección da cidade do Lérez composta de 28 postais con fotos de Francisco Zagala en duas versións, branco e negro e cor. Posteriormente o "Bazar Helénico" de Emilio Garcia Villarreal tirou outra de 24 tamén de Zagala. Entrando o século seguen as edicións pontevedresas, algunha delas realizada en Vigo, para chegar a once o número delas impresas antes de 1909 sendo as últimas con fotografías de Joaquin Pintos.

No resto das cidades dábase o mesmo fenómeno. Porto en Santiago, Lino Pérez na Coruña, Soto Freire en Lugo, Moliné no Ferrol ou Buceta en Vigo son mostra do proceso editorial de postais.

A produción chegaba incluso ás vilas que contaban con seminários, balneários ou "baños". Santiago e Tui cobrian un tipo de tarxeta piadosa. A Toxa, Vedrín, Caldas, Mondariz servíanse publicitariamente da postal para ensalze da suas águas. E Baiona, Ribadeo ou Sanxenxo mostraba as cualidades turísticas. Tamén as pequenas vilas como Monforte, Ribadeo, A Guardia, Corcubión, etc. coñeceron edicións con obra de Nuevo, Ínsua, Jimenez e Romero, respectivamente. De feito ao chegar os anos vinte toda a paisaxe galega estaba cuberta fotograficamente pola postal.

Os pioneiros servíronse do longo camiño das imprentas europeas —que daba lugar a numerosos erros— para facer às edicións primas. Recalaron despois na incipiente indústria gráfica de Madrid e Barcelona por médio de obradoiros como os de Thomas, Hauser y Menet, Helmeyer y Gautier ou Levenld. Sen embargo debemos dar cita ao editor coruñés Pedro Ferrer, persoeiro fundamental dentro da história da fotografia galega. Da sua imprenta saíron —aparte do "Port folio Galicia" en fascículos— centos de postais de fotógrafos colaboradores de toda Galicia. El mesmo realizou unha parte importante das séries, quizais as de maior interese, nas que estabeleceu novos camiños con motivos de "tipos y costumbres del país" bastante escasos no panorama postal galego.

As vellas postais, as realizadas polos nosos vellos fotógrafos estan hoxe a cumprir un decisivo e pedagóxico papel. Do seu labor, artístico e documental, na imesa maioría dos casos non queda nen a máis leve pegada. Só queda a mensaxe impresa como testemuña dun tempo que se mostra voraz coa nosa paisaxe, as nosas xentes e o noso património cultural. □

'NOS ANOS 20 TODA A PAISAXE GALEGA ESTABA CUBERTA FOTOGRAFICAMENTE POLA POSTAL'

LIBROS

A lírica galego-portuguesa

Eis o encabezamento do livro que nos trai hoxe á esta páxina, da autoria de Elsa Gonçalves e Maria Ana Ramos[1]. A obra está dividida en tres apartados diferenciados: **Apresentação crítica, Nota lingüística** e **Antologia**. Os dous primeiros pretenden un achegamento á poética que o terceiro recolle, unha escolla de cento cinco textos medievais de trovadores galego-portugueses. De primeiras xá se nos advirte "iniciar uma antologia de poesia galego-portuguesa com um texto cuja autoria e cronologia continuam a ser problemáticas poderá parecer provocatório" porque a cantiga de amigo **Ai eu, coitada, como vivo em gram cuidado** que empeza a recollida de textos leva en si mesma as dificuldades do encadramento e datación de muitas das cantigas onde nen sequer os críticos chegan a concordar polo que as dúvidas xeran hipóteses contrárias.

A *Apresentação* trai un estudo polo miúdo pero de doado entendemento de **O que é a lírica galego-portuguesa** onde se nos fai sabedores das suas fontes que co transcorrer do tempo foi-nos transmitida por tres cancioneiros manuscritos[2] e por 420 textos de tema relixioso, as chamadas Cantigas de Santa María, nun período que vai de finais do século XII á segunda metade do século XIV, "todos eles escritos numa lingua com características bastante uniformes, o galego-portugués".

Un anónimo tratado de poética[3] define os tres xéneros fundamentais (cantigas d'amor, cantigas d'amigo, cantigas d'escarnho e de mal dizer), reduzindo os xéneros menores a maneiras de trovar. "O denominativo comun, porêm, é cantiga, isto é, poesia para ser cantada, poesia feita de palavras ("versos") e som ("música"), destinada a um público".

Os distingos entre os xéneros, nomeadamente tocantes aos suxeitos das composicións para sabermos do seu aparceramento en **amigo/amor** e as diferéncias posíveis entre de **escarnho** e de **mal dizer** son cousas a descubrir na leitura pausada destas páxinas e mesmo as características, formais e temáticas, dos xéneros menores —a **tenzón**, a cantiga chamada de **seguir, a pastorela**...— son esmiuzadas non seus contrastes e até se abrangue a influéncia dos **lais** da Bretaña nos cancioneiros reproduzidos.

Deseguida incide-se no esencial do **ámbito cronológico e origem** dos géneros co reflexo da obrigada dificuldade por fixar os límites que "está em saber quando se começou a compor cantigas e quando se deixou de cultivar esta poesia". A abordaxe desta cuestión fai-nos deter nunha outra meditación, as orixes da poética e deste xeito miramos o fio umbilical da poesia provenzal, a influéncia dos modelos occitánicos e mesmo o seguimento da tradición moçárabe en relación coas **hardjas**. (4)

Remata esta aproximación cun percorrido pola tradición manuscrita, onde se fai un resumo das teorias expostas polo profesor Tavani no seu livro. 'La tradizione manuscrita della prima lírica galego-portoghese'. Calquera estudo é debedor dos textos do profesor italiano[5], inclusive este que ten a intencionalidade de "reconstituir uma história da poesia lírica peninsular na Idade Média através do perfil dalguns poetas que fazem essa história.

No tratamento dos temas subliñar a dialéctica constante entre os feitos do amor non correspondido contraposto aos do amor correspondido, o presentimento da morte por amor (no amante e trovador a perda do sono e da alegria), os comportamentos que levan ás pelexas literárias entre xograr e trovador ou até a violéncia obscena dalgunhas sátiras.

Neses perfiles poéticos, o Rei Sábio, cultivador da lírica profana mesturada coa inspiración própria da poesia amatória. Ou tamén as cantigas das romarias e a novidade dos prantos á morte que encetou Pero da Ponte, e cantigas contra personaxes ben coñecidos no ambiente das cortes, "o tema da homossexualidade é frequente nos cancioneiros".

Mais, xunto a esta constatación, engade-se unha análise das normas de versificación contidas na **Arte de Trovar**, a estructura das cantigas, estudo das estrofes, encadeamento ou leixa-pren, paralelismo.

Retórica, Bibliografia e unha ampla **Anotación lingüística**,[6] rematan unha introducción necesária para entendermos en profundidade os textos que se inclúen na **Antologia** aos que acompañan unhas **linhas de leitura** e sempre ao pé da cantiga rima e métrica sinaladas de xeito comenenciudo para quen teña o livro como apoiatura dos estúdios de literatura galega.

Por máis un glosário de formas que oferecen dificuldades de interpretación e un índice con indicación do xénero facilitan o labor e son de grande utilidade. En fin, estamos dediante dun livro que non deve faltar na biblioteca imprescindível dun estudante ou dun profesor e até dun leitor que queira aprofundar na tradición lírica galego-portuguesa. □

MIRO VILLAR

(1) Colecção Textos Literários. Editorial Comunicaçõ. Lisboa.
(2) Cancioneiro da Ajuda, da Biblioteca Nacional e da Vaticana.
(3) L'Art de Trouver, tamén chamado Poética Fragmentária.
(4) Poesia tradicional en língua moçárabe —falada polos cristiáns submetidos aos musulmáns—, semellante aos refráns das cantigas de amigo.
(5) Recén temos editado por Galaxia o livro de Giuseppe Tavani **A poesia lírica galego-portuguesa**, de rigorosa fundamentación científica.
(6) Recolle aspeitos de fonoloxia, morfoloxia, sintaxe e léxico das cantigas.

BANDA DESENHADA

Porto ou o mercado da Banda Desenhada

Vense de celebrar no Porto o **Vº Salão Internacional de Banda Desenhada** no extraordinário espácio do mercado Ferreira-Borges (Porto). Durante duas semanas o mercado acolleu baixo da suas columnas a meirande festa para a BD portuguesa, é un grande acontecimento para a BD internacional. Ali habia seccións de librarias e editoriais onde se podia atopar material de todo tipo, BD francesa, italiana, etc., incluso fanzines lisboetas e galegos.

O Salón estaba dividido en diferentes exposicións que eran:

—a de autores portugueses actuais (Augusto Trigo, Diferr, José Abrantes, etc.

—"La expo que camina" de Norma Editorial, que contaba cos diversos autores que publicaban nas suas revistas.

—"Sesenta anos com Tintin", que facía un percorrido polas moitas aventuras das personaxes desta série de Hergé, e "Tintin visto pelos outros", en homenaxe dos distintos criadores ao sesenta aniversário de Tintin, tamén coa emisión de vídeos desta série.

—exposición inédita de Morris, sobre Lucki Lucke,

—homenaxe ó consagrado autor José Rui, con máis de catorce albuns no seu haber, coa mostra tamén, doutras facetas do autor, como pintura ou escultura.

—exposición dos traballos apresentados ao concurso de BD, sobre o tema da Banca, do que foi gañador Jorge Alexandre Mateus, que recibiu 200.000 escudos. Tivo a novidade esta edición de contar con autor galego, que fun eu mesmo.

O Salón contaba tamén cunha série de distraccións para o público: BDteca, onde se podían ollar ou ler revistas e publicacións, e ver vídeos; diversos obradoiros, de debuxo, de serigrafía e de diseño asistido por ordenador, onde os nenos e maiores aprendían as novas técnicas do deseño actual. Tamén os aprendices tiñan na mostra de técnicas gráficas a ocasión de observa-los trucos e xeitos de realización de BD.

No centro do Mercado, un marsupialami, tamaño maxi de cinco metros presidia a mostra, xunto cunha figuración das personaxes máis coñecidas de BD polas ruelas do Porto. Polo Salón pasaron moitos autores, o Morris de Lucki Lucke, o valenciano J. Ortiz, os consagrados da BD portuguesa (J. Rui, A. Trigo), os novos os que queren ser, os que xa medio son..., tamén unha delegación galega do Frente Comixário de Ourense.

O clube *Comunicarte* é o organizador destes encontros anuais de BD. É un grupo de xente nova interesada polo deseño, e pola BD en concreto. Tiran un Boletim informativo de novas publicacións internacionais e fanzines de BD (interesados en poñerse en contacto com *Comunicarte*, escreber ao: Ap. 5111 - 4018 Porto Codex).

Polo que se pudo ver alí, a BD portuguesa parece que está a abrir camiño á xente nova, e neste sentido, foi apresentación de catro libros pola Ed. ASA, tan necesários xa que até ben pouco, a produción de BD portuguesa limitábase a contar a historia bélica nacional e as viaxes dos conquistadores co dubidoso interese pedagóxico que isto puidera ter, sen menos preciar, claro está, a calidade dos traballos realizados. O problema, igual que aquí, é a falta de revistas especializadas onde a xente nova poida publicar as suas próprias historias.

Por outra banda, en Ourense, organizado pola Casa da Xuventude, vanse realizar do 16 ó 28 de outubro as primeiras xornadas de BD, e contaráá cunha exposicións do Vº Salón do Porto, onde vai estar convidado o clube *Comunicarte*, o que promete unha máis estreita colaboración nun futuro, entre os deseñadores de ámbalas dúas ribeiras do Miño. Por agora hai xa un fanzine interesado en publicar historias galegas, cháamase **Epitafio**, e é de Matosinhos. □

TOKIO

PUBLICACIONS

Irímia, unha lección de pragmatismo e dedicación

O acerto de **Irímia** radica quizá en saber adaptar as suas dimensións ás posibilidades do seu mercado. Obviedade que moi poucos souberon ver e que lle permite ter editado máis de trescentos números.

A reforma que veñen de acometer mostra de novo este equilíbrio entre o realismo e as arelas imprescindíbeis de mellora. Catro páxinas máis por número e un formato máis amplo ofrecen novas posibilidades e unha maqueta máis áxil.

O estilo didáctico e popular, lemas básicos que moi poucos como *Irimia* intentaron poñer en prática, sae ben parado nesta nova etapa, fundamentalmente grácias ás pequenas secións. A diversidade de leituras cúidase tamén compaxinando as notas breves cos artigos longos, ao que se engaden cinco bos columnistas como son Arauxo Iglésias, Francisco Carballo, Agustín Diaz "Tintxu", Eliseo Miguélez e Torres Queiruga.

A modéstia evidente da publicación, non lle resta méritos cando se acerta en principios fundamentais como alguns dos que vimos de mencionar, o que lle permite contar xa cun número de leitores consolidado e fidel. Dedicación e pragmatismo en suma, desde unha ideoloxia cristiana, galeguista e progresista. □

M.V.

CINE

Luis Puenzo

Gringo vello

De novo as tumultuosas e frustradas revolucións mexicanas serven de inspiración ao cine. O atractivo romántico e mesmo iconográfico das incursións villistas, foi frecuentemente aproveitado pola indústria americana, a quen resultaba unha fonte de exotismo xusto ao carón da casa.

Neste caso **Gringo vello** parece que nasceu do empeño particular da sua productora e protagonista Jane Fonda, quen recorreu a latinoamericanos (o director arxentino Luis Puenzo, e Carlos Fuentes como auttor da obra de partida) para levar a termo esta história de ianquis metidos a gringos, temporalmente inmiscuidos nas loitas mexicanas pola terra.

Asi, a solteirona encarnada por Fonda e o vello escritor desencantado das misérias morais do mundiño cultural norteamericana, a quen dá vida Gregory Peck con notábel propriedade (ainda que máis lle teria dado o previsto Burt Lancaster), coinciden no seu curto pero intenso periplo mexicano. Recolledores, tamén, dunha certa tradición do cine iaqnui: a dos norteamericanos metidos a contracorrente nun proceso revolucionário alleo. No médio do "follón" eles experimentan o seu próprio cámbio mental mentres son arrastados polos acontecimentos.

Desa índole é a interesante história plantexada por Fuentes. Os cenários aztecas e o "vivir ao dia" dos seus habitantes, coa presénci cotián da morte, supoñen valores novos a asimilar polo escritor, xa de volta de todo, quen planea un suicídio sen prazo fixo alí onde se cruce un balazo inoportuno, e pola xa madura señorita do Este que atopará, polos pelos, a sua iniciación sexual, nos calores do deserto de México e en brazos dun aposto xeneral de Villa, que non debe ser má forma de estrenarse.

Outra cousa é que o interese da história inicial e as boas intencións que se perseguen en todo momento vaian parellas coa forma de plasmalas. E neso a fita, aparte do indubidábel sostén nas sólidas interpretacións, do atractivo da iconografía mexicana, as suas "balaceras", "fiestitas" e "muertitos", incorre en certos énfases que se nos antollan carregantes. Por exemplo a voz en "off" da protagonista, redundante, ou a sobrecárrega lírica da banda sonora, con subliñados un tanto impertinentes. O filme perde tensión cara a parte final cando non dá explicado convicentemente a demora do xeneral Arroyo para partir da facenda reconquistada, e a sua ligadura á terra, todo o cal é motor da posterior traxédia final. **Gringo vello** remata sendo unha película que plantexa unha atractiva história, que se deixa ver, mais que termina espertando non moito entusiasmo. □

GONZALO VILAS

ACTOS

■ Curso de Interpretación da EDG

O próximo dia 16 de Outubro, con horário de 19,30 a 21,30, dará comezo, na Escola Dramática Galega, un Curso de Interpretación para actores, dirixido por Agustín Vega. O curso terá duas fases, cada una delas de un mes de duración. As persoas que desexen matricular-se, deberán chamar ao teléfono 21-16-09 da Coruña, de 11 a 13 horas e de 17 19.

■ Raiados

Concerto o sábado 14 ás 11 da noite na discoteca Ratt de Moaña.

■ Curso de Perfeccionamento de Galego

A Asociación Cultural "Nós" de Sobradelo-Vilagarcía que desde hai tres anos ven mantendo aceso o lume da cultura na devandita parroquia, promove agora un **Curso de Galego**, nível de perfeccionamento, que dará comezo a primeiros de Outubro nas novas instalacións do Colexio Público O Piñeiriño, baixo o patrocinio da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Política Lingüística.

A convocatoria do curso foi publicada no Diario Oficial de Galicia do día 4 de Setembro pasado, expresando que "a normalización da lingua galega é unha das expresións reais da nosa identidade". O curso terá unha duración de 60 horas teóricas e de 15 horas prácticas. O remata-lo curso aplicarase unha proba escrita. Ás persoas que a superen, tendo en conta ademais, a avaliación ó longo do curso, outorgaráselles un certificado coa calificación de "Apto". Os asistentes que non acaden calificación positiva, outorgaráselles un certificado de asistencia.

■ Xornadas de Língua e Cultura Catalana

Os dias 16, 17, 18 e 19 de Outubro, na Faculdade de Filoxia de Compostela celébrase este encontro no que colaboran a Xunta e a Generalitat. Desenvolverán o seguinte **programa**.

Luns, 16 J. Veny. "Catalán y castellano, lenguas en contacto".
Inauguración no Museu do Povo Galego da exposición "800 anys de literatura catalana"
J. Molas. "Tradición y modernidad en la poesia épica de Verdaguer"
Ás 20 h. mesa redonda moderada por Xesús Alonso Montero sobre "Poesia hoxe", con intervención de Vicenç Llorca, Jaume Subirana, Manuel Forcadela e Avilés de Taramancos.
Martes 17. J. Solá. "La reforma de la lengua catalana moderna, critérios, proceso y resultado".
Presentación das coleccións "Poeti e Prosatori" dirixidas por G. Tavani e G. Lanciani.
A. Espadeler. "La poesia de Ausias March"
Mesa redonda moderada por Sotelo Blanco sobre "Difusión da cultura". Interveñen J. Vallcorba, V. Freixanes, J. Sarsanedas e C. Casares.
Mércores 18. J.A. Argente. "Tendéncias contraditórias en el uso de la lengua catalana"
J. Vallcorba. "La última narrativa catalana".
Mesa redonda moderada por Dario Villanueva sobre "Narrativa hoxe", con intervención de Paco Martín, O. Xirinacs, M. Rivas e Marius Serra.
Xoves 19. A. M. Badia, "Situación actual de la lengua catala"
G. Tavani. "Los juglares y la literatura"
Os actos teñen lugar na Facultade de Filoxia de Compostela

■ Xornadas de Educación Especial nos Centros Ordinários

Os próximos días 26, 27 e 28 de Outubro van-se celebrar por primeira vez unhas xornadas, baixo o lema "Diferentes ño mesmo medio" nas que se aborde a problemática específica, dos perto de 16.000 alunnos, que son atendidos por profesores de Educación Especial nos centros ordinarios, que posuen dificultades no seguimento dos planes de estudio marcados e que obedecen a razóns afectivas, socioeconómicas, de marxinación etc..

As xornadas van-se celebrar na Sá de Conferencias de Caixa Vigo e están subvencionadas pola Consellería de Educación, a Deputación Provincial e o Concello e Vigo.

Programa
Xoves dia 26. Hora 18 h. Lugar: Sá de Conferencias Caixavigo. Recepción e entrega de material. hora, 18,30. Poñentes: Carlos Guzman Mataix. Subdirección Xeral de Educación Especial do M.E.C. Asesor Técnico Docente. Representante da Dirección Xeral de E.X.B. Consellería de Educación Gabinete de Educación Especial. Tema: Avaliación e perspectivas cara o futuro.

Venres dia 27. 10 h. lugar: Sá de Conferencias Caixavigo. Poñente: Juan A. García Núñez. Director do "Centro de Investigación e Técnicas Aplicadas de sicomotrocidade" CITAP-Madrid. Tema: dificultades na integración da linguaxe escrita.

Hora 16 h. lugar: Sá de Conferencias Caixavigo. Poñentes: Hipolito Puente Carracedo. Membro da Equipa Psicopedagóxica de Vigo. Psicólogo e Pedagogo. Tema: Dificultades emocionais e aprendizaxe.

Gonzalo Rodríguez Santafé. Profesor no Centro Martín Codax. Ten elaborado diverso material manipulativo para traballar o cálculo nos primeiros niveis. Tema: Bloques lóxicos. Un proxecto diferente.

Juan Ignacio Pérez Méndez. Traballou no Plan de Integración no 6 do Nadal. Tema: O posibilismo no campo da integración.

Sabado día 28. 10 h. Lugar: Sá de Conferencias Caixavigo. Dolors Petibó Rafart. Psicóloga e especialista en linguaxe. Traballa no Hospital de S. Xoan de Deus, de Barcelona. Da clase na Escola de Patoloxía da Linguaxe de S. Paulo. Tema: Trastornos de lectoescritura.

EXPOSICIONS

■ Sewrgei Wasiliev

Exposición de fotografia deste autor soviético. No Ateneo Santa Cecília de Marín. Aberta os dias laborábeis de 7 a 9 e os festivos de 12 a 2. (Rua Caracol, 36 baixo. Marín)

■ Carnot

Acuarelas na Nova Sala de Exposicións da CAV en Vigo (Policarpo Sanz, 26).

■ Memória de Galicia

Exposición de Postais antigas de Galiza da colección de Mariela Lorente. No Museu do Pobo Galego de Compostela.

■ Longa Noite de Pedra

Mostra sobre a vida e obra de 25 poetas galegos. Na Sá Laxeiro de Vigo (Praza da Constitución)

■ Cerámica e Cartón Pedra

Na A.C. Auriense (Praza do Correxidor de Ourense) exposición de traballos do obradoiro de cerámica da Casa da Xuventude de Vilagarcía. Tamén se expoñen pinturas de Uxío López.

■ M. Robles

Exposición de óleos. Aberta do 3 ao 14 de Outubro na Sá de Arte da Caixavigo.

■ Espácios

Mostra fotográfica na Sá Os Peiraos de Vigo. Gabriele Basílico, Olivo Barbieri, Vincenzo Castella, Abdre Cavazzuti e Guido Guidi. Até o 14 de Outubro.

ANUNCIOS DE BALDE

O grupo de estudos sobre a condición da muller "Alecrín" ten organizado un **curso de iniciación ao galego** para as suas sócias que dará comezo o vindeiro 2 de Outubro (lusmércores e venres) de 19.30 a 22 h. nos seus locais de Garcia Barbón 30-5º oficina 8, en Vigo.

Os **Comités Abertos de Facultade** comunican a todos os estudantes galegos que queiran receber información sobre a asociación que poden poñerse en contacto con membros do seu Consello Nacional escrebendo ao apartado de Correos 855 de Santiago de Compostela. Asimesmo poden dirixirse ao mesmo apartado para consultar dúbidas que podan ter sobre o funcionamento da Universidade, formular queixas sobre os servícios universitários ou para pder información sobre os seus direitos como universitário.

A Asociación España-Urss **amplia a matrícula do curso de ruso**. Inteiresados chamar ao (986) 22 54 57.

Desexa receber **clases de acompañamento de guitarra** para bolero, fado e tango, posuindo xa alguns coñecimentos de partida. En Santiago. Ramón (986) 56 52 71 ou 74 65 33.

Debuxante necesita **guión para comic**. Chamar a Diego (986) 31 05 69.

ZUR/HA. **Distribución alternativa** de fanzines, discos, casettes, chapas, camisetas, pegatas... Apartado 389, Ferrol ou nos Pubs: Casa das Crechas (Compostela) ou UF (Vigo).

Churuleta Teatro. **Espectáculos de rua para todos os públicos.** Os interesados poden contactar co teléfono (986) 78 08 73 ou no Apartado 185 de Lalín.

Guia de libros recomendados para E.X.B.

A PARTIR DE 9 ANOS

O Gato metido nun saco **Alberto Avendaño**
A verdade na bufarda **David Otero**
A marela Taravela **Xosé Neira Vilas**
Isto que ves é o mar **Gabriel Janer Manila**

A PARTIR DE DOCE ANOS

A chave dos soños **Antonio García Teijeiro**
Lembranza nova de vellos mesteres **Paco Martín**
O Talismán dos druídas **Pepe Carballude**
Os ollos do dragón **M. Angels Gardella**

galaxia

ÁRBORE

Colección de literatura infantil e xuvenil

ÁRBORE

A NOSA TERRA

ANO XII • 12 DE OUTUBRO • 1989

Nº 403 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS

O 12 DE OUTUBRO: "LA FIESTA NACIONAL"

"1992 será para os indios un ano de luto. A celebración da conquista española é unha humillación para os indios que ainda vivimos" **Bill Means**, Delegado das culturas indias na ONU.

ÍÑIGO BERRIOCHOA ESNAOLA



Á volta duns dias está estabelecida oficialmente a celebración do cabodano da arribada de Colón e as suas tropas ás Américas. Trata-se dunha efemérides conmemorada festivamente desde as instáncias oficiais desde tempos pretéritos sen que, curiosamente, chegara a haber interrupción algunha —nen sequer na denominada "transición" da ditadura franquista á réxime actual— agás no alcume otorgado á data. En efeito, se ao longo da dictadura franquista a tal data recibiu a denominación singularmente clara de "Dia de la Raza" á que logo seguiu a transicional "Dia de la Hispanidad", temos pasado agora á modernista celebración da "Fiesta Nacional de España", que se mira ainda acompañada pola xornada festiva da Benemérita, e máis a Virxe do Pilar para completar o cadro.

Poderia chamar a nosa atención que as autoridades competentes, o PSOE e o seu governo co acordo sustancial dos poderes e os partidos instalados no estatus político estabelecido, tiveran que recorrer a esta data para sinalar un dia especial relevância no devir histórico da proclamada nación española: unha data que é inseparábel do comenzo do asulagamento en sangue, da expoliación económica, do incremento brutal do trafego comercial da escravitude, da imposición relixiosa e da destrucción cultural dos povos que habitaban o continente americano cando a chegada europea a América; unha data ligada historicamente á centralización política conseguida polos Reis Católicos (e os seus sucesores) coa conquista de Granada —e a masacre dos moriscos—, á invasión das Illas Canárias —e o extermínio das guanches que as povoaban—, á "doma y castración" de Galiza, á expulsión de xudeus e xitanos da península, á penetración imperial no continente africano, á imposición relixiosa e ao mortal reinado da Santa Inquisición,... unha data, en fin, asociada ás múltiples formas do expólio económico e á opresión política, social, racial e lingüístico-cultural.

Podería chamar a nosa atención este sinalamento do 12 de Outubro como "Fiesta Nacional de España", mais non é así. Repasando a história do actual Estado Español é imposíbel atopar os elementos que puideran facer-nos pensar nunha celebración nacional española por parte dos povos, das nacións, que forman parte constitucionalmente daquel; é imposíbel porque a identificación Estado/nación fixo-se sobre a imposición, sobre a negación das próprias identidades nacionais dos povos basco, catalán, canário, galego,... Fixo-se, e fai-se agora mesmo como o pode mostrar esta festividade imposta desde o Governo ás próprias CC.AA. (non se gardan as formas nas celebracións formais), ou como o deixan ver os pretendidos signos identificatórios desa nación española, alternativos e polo tanto negadores das distintas realidades nacionais presentes e vivas no actual Estado Español.

Co sinalamento desta data tan significativa coma festividade nacional de España pretende-se de feito sacralizar aquelo que non seria sacralizábel doutra forma, porque resposta a unha vontade carente dunha base real máis alá da própria imposición: a identidade nacional española non existe.

O 12 de Outubro resulta tamén un compéndio sustancioso dos obxectivos que guian as ánsias celebratórias e conmemorativas dafatídica chegada/invasión/colonización de América: a homoxeneización baixo a enteléquia española (unha e indivisíbel) que se ve lexitimada coa sua trascendéncia como poder imperialista —con ánsia de expansión no subcontinente americano— que temos que celebrar, por riba, festivamente.

Busca-se de feito esa perspectiva imperial, a continuidade do expólio dos povos agora baixo a lousa da débeda externa e as suas consecuéncias, como un elemento que axude a sentir-se parte desa presunta "nación española" capaz de levá-la a cabo. A contradicción das mensaxes é bestial: onde quedan pois os cantos celebratórios, os eufemísticos plantexamentos dos voceiros da oficialidade, que nos falan do "crisol de razas", damestizaxe cultural, da transmisión do progreso e demais maravillas da preséncia hispana en América que, por riba, queren acentuar?

Se xa resulta escandaloso que teñamos que soportar homenaxes aos "caídos por España" nestas datas, haberá que ver o que pode resultar a coincidéncia no 92 co centenário do nacimento de Franco, o caido por excelléncia do que veñen dando en chamar a pátria española. □

Iñigo Berriochoa Esnaola é membro da Comisión Galega contra o Vº Centenário

TRES EN RAIA

MEMORIA

MANUEL RIVAS

Houbo un tempo en que algunha xente nos cravaron alfiletes dialécticos por defender o pluralismo nacionalista e a comenencia de que nacesen e se consolidasen forzas do nacionalismo moderado que comproemeteran an política galega a sectores sociais tradicionalmente descastados. Permitídeme que faga un uso resentido da memoria, porque daquela, esa xente, tivemos que soportar alcumes en que o máis educado era o de pseudonacionalistas.

Aqueles que hai un lustro cravaron alfiletes agora aparecen non só como defensores de que esas forzas existan senón, que, ademais, confundindo o que é saudo respetuoso con familiar parentela, convértense en valedores e artificieiros de operacións que teñen máis que ver co "blanqueo" político —"o diñeiro falso pégase como unha lapa ó honesto", escribiu Ortega— que coa formación de serios instrumentos de representación social. En resume, dánselle azas e azas a quen teñen problemas para voar por si sós pero que, non o dubides, voarán e mexarán por riba de todos o día en que remonten.

Pasan os anos e pasan as cousas, pero ninguén ten necesidade de render contas porque cada un escrebe a historia como lle peta. A outra historia, a verdadeira historia, ten a forma dunha señora que se está a rir, que se está a escachar de risa. ¿Non escoitades as gargalladas? □

BANDA DESEÑADA

TOKIO



VOLVER AO REGO

O capitalismo exibe de a pouco a sua potencialidade imaxinativa con algun achádego cultural.

Batman é o último descubrimento. Non importa que este héroe das bandas deseñadas teña coarenta (40) anos xa de vida, que a sua patente fose explotada por unha récua interminábel de debuxantes de todas as pelaxes e que a persoaxe en si non aporte nada sobre outras do comic, nalguns casos igualmente pasadas ao cine.

Nesta idade de cámbios e de premonicións os oligarcas do planeta rebuscan non baul de antiguedades algun retal para acudir de novo á festa. A sua imaxinación consiste en repetir incansabelmente a nada. □